

LETRA
EN OBRAS



Santiago de Compostela, 17 de maio, 2011

Coordinación editorial:

Pablo García Martínez
Roberto Noguero
Ramón Vilar Landeira
(Colectivo Letra en Obras)


Maquetación:

ekinocio comunicación

Deseño da portada e ilustración do limiar:

Ruth Caramés

Agradecementos:



ekinocio

Baixo a licenza



- [04] **17 letras sen día - Limiar**
- [05] **eu tamén quería que un parasito intestinal tivese a barba de fernán-vello**
Samuel L. Paris
- [07] **O autobús das 17.05**
Paloma Calvo
- [11] **Relato de dúas páxinas e pico**
David Pobra
- [15] **A Nasa**
Iria Ameixeiras
- [18] **Dr. Victor**
Brais Lamela
- [22] **Tócaa outra vez, Sam**
Elena Veiga Rilo
- [26] **Olo!**
Andrés Carrasco
- [28] **A conciencia do subconsciente**
Raquel Boo Anderson
- [31] **Brevísima noticia do *Codex Moriamensis***
Paulo Martínez Lema
- [35] **A residencia**
Alba Payo Froiz
- [39] **A humillación da inocencia**
Xurxo Martínez González
- [43] **Dous reás, nin un can**
Mónica Armesto Fernández
- [47] **Lúa da Laracha**
Brais Zas Camafreita
- [51] **O reloxo do primoxénito**
Alberto Rodríguez Díaz
- [55] **De fotografía e outras artes**
Celia Parra
- [57] **Adaptintegración**
Vidal
- [61] **Marta Enqvist visita Malta**
Eva Moreda

17 LETRAS SEN DÍA



Letra en Obras é a literatura en permanente construción: ese río de tinta ou de bits que por fortuna non deixa de fluír. A palabra escrita latexa cada día, cada hora, a miúdo en silencio, intentando recompoñer o caos que nos rodea. Eis un luminoso exemplo: Dezasete autoras e autores de case outras tantas bisbarras do país que nos achegan un monllo de historias breves que de seguro non han deixar o lector indiferente.

No mesmo mes que se celebran as Letras e un prácido Vento Lois percorre o planeta literario, sae a navegar pola rede este veleiro tripulado por xente moza. As bodegas do barco van repletas e nós queremos abrilas a todos os lectores. O único prezo para esta viaxe é o interese e a paixón.

Nun tempo no que a casa da nosa literatura ten aínda demasiadas fiestras por abrir, é certo que os tempos pasados tampouco foron mellores, Letra en Obras arela ser unha ponte aberta entre os novos creadores e o público. A escrita de calidade tamén se move á marxe dos flashes, dos congresos, das cátedras...e este mosaico quere ser o escaparate desoutra literatura que xa está aquí.

Estamos seguros de que moitos dos nomes que figuran neste volume serán nun futuro, que xa se está a construír no presente, os alicerces que sigan tremando dunha literatura tan necesariamente galega como universal.

SAMUEL L. PARIS



Samuel L. París nace no 1984 en Muros. Publica *Manual da destrución* no 2008 no netlabel A Regueifa. Come arroz con salchichas, ovos e tomate. Adoita escarallarse os meniscos. Membro do proxecto Tinta de Lura e baixista da Terbutalina.

eu tamén quería que un parasito intestinal tivese a barba de fernán-vello

volvendo da clínica santa esperanza (polo convenio do choio de miña nai, tiñamos un seguro médico deses) de que se me diagnosticasen oito clases diferentes de parasitos intestinais (con nomes bastantes curiosos e preparoxítonos que, malia o que diga xulio valcárcel, poden rimar), atopeime co aarón na praza do obradoiro (EL TALLER):

- ei! que tal? de onde vés e por que?
- do médico. ando fodido.
- algo que non cure co tempo?
- non, a verdade sexa dita.
- veña, acompañaime ao piso.

e nada. fun con el. o aarón vive preto do día que hai por san roque (día é unha cadea de supermercados cun letreiro vermello, uns prezos asumibles e unhas caixeiros das podes avaliar a beleza cun baremo que ti mesma inventes). ten dous compañeiros de piso que non penso mentar porque non importan para nada. de feito, penso que deben ser as dúas persoas que menos importan da clase humana. como volo podería explicar? son dous fulanos tan (non vou seguir escribindo isto, cambio de parágrafo e explico o que pasou no piso)

(agora si)

ao entrarmos no seu cuarto (emprego o infinito conxugado porque teño estudos universitarios) comprobamos que o galo do aarón (de agora en diante chamaremos ao animal BUGALO) cagara por todas as partes: na mesa, na cadeira, na cama, no furado, na tarteira e na escopeta de aire comprimido (aire.zip). obviamente, isto fixo mella no ególatra do aarón, que rapidamente comezou a cavilar o castigo para BUGALO. aarón, como bo ególatra e mellor cínico, preferiu que fose eu quen lle comunicase a BUGALO a pena imposta:

— BUGALO, tes que... (os puntos suspensivos indican que fixen unha parada no meu discurso, posiblemente porque o que vou dicir a continuación é difícil de pronunciar diante dun ave dopada de laxantes) tes que realizar unha presentación que reflecta todo o argumentario da dereita, é dicir, expoñer un por un aqueles aspectos que estean detrás do pensamento conservador actual na galiza.

e?

pois continuou cagando.

PALOMA CALVO




Foto: ©Magín Estévez

Paloma Calvo vén ao mundo hai un cuarto de século en Pastoriza, Arteixo. Escritora e xornalista, publica en 2007 o seu primeiro libro de relatos, *A vinganza da mantis*, coa editorial Espiral Maior, logo de ter gañado varios certames de poesía e de relato curto en diversos puntos da xeografía galega.

O autobús das 17.05

Poderías ser ti perfectamente. Xa reparei en ti nada máis subir ao bus. O teu pantalón de pana. A túa chaqueta rosa. Eu xa me fixara en ti. Agora ti tes os ollos pechados. Pero dende que subín ao bus ata que arrincou, ás cinco e cinco exactamente, miráchesme dúas ou tres veces; nunha delas as nosas miradas cruzáronse por un momento. Poderías ser ti perfectamente. A túa pel clara, a túa cara dividida en dous cantóns de etnias diferentes: unha de acenos doces e outra claramente antitética, dura, con ese espantoso queixo que te caracteriza. O pelo corto, case masculino.

Agora vas absorta, contemplando a paisaxe de cinexin a través da ventá do bus. De cando en vez pechas os ollos. Non me miras. Pero sei que sentes a miña mirada cravada en ti. Nos pequenos aros de ouro que levas nas orellas.

No asento de atrás un home con gravata dorme. A El só o vin unha vez con gravata, nunha foto dunha voda. Ela tamén saía. Por eso sei que ti non es Ela. Porque nin tes o pelo extremadamente curto nin ese queixo horrendo. Porque non tería sentido que estiveses neste bus a esta hora se foses Ela. Porque Ela agora está con El. Porque hoxe é o día no que El regresaba canda Ela.

Din que esas plantas con plumas que hai pola autopista están invadindo a Península. Pero eu non vexo ningunha, non debe se-la época. Só moitos toxos e árbores. El hoxe volvía con Ela, e Ela poderías ser ti perfectamente. Miráchesme e viches algo nos meus ollos. Eu agora só vexo unha cousa. Un hórreo. Viches nos meus ollos unha sombra. Durante unha pequena fracción de tempo dubidaches se o que sentiches ao verme foi realmente medo. Medo da miña mirada. Da expresión dos meus ollos, das olleiras, da harmonía perversa, lúgubre e misteriosa do meu rostro, cansado e vello.

O home segue a durmir. Hoxe El durmirá con Ela. E eu regreso a casa. Agora abres os ollos. Pestanexas. Non es Ela, pero poderías selo. E ignoras que nada máis verme entrar debiches tirarte aos meus pés e bicarmos. Porque por min, hoxe ti estás con Él. Porque, a cambio da miña vida, recomezas ti a túa de mentira, de xoguete.

Vacas. Contemplo o meu reflexo na ventá. El é un cabrón, pero que se lle vai facer. Porque non responde ás miñas mensaxes nin ás miñas chamadas, e rara vez chama por iniciativa propia. Ti, que non es Ela, tes a nariz curvada, de aguia. Non sei nada de ti, pero Ela é unha parva. Unha inmensa estúpida. E eu máis,

porque por causa de El, ódioa. E ódioa tanto que se foses Ela, seguiríate ao baixar do bus. Ocorrémese un par de formas de... Pero teño o coche escangallado. Cousas do alternador. E mañá será o embrague. E pasado o cambio. O primeiro coche de El levaba o nome do meu, pero tiña máis percorrido enriba.

Agora si que vexo plumas. Entón que sexa inverno non lles inflúe. Vacas. E tres plumas máis ao lado das vacas. Ti miras o reloxo que hai alá diante. As 00:10, marca. Pero en realidade son as 17:35.

Hai vacas bebendo. Desas holandesas, brancas e negras, coma dálmatas xigantes e obesos. E máis plumas. Ti non miras as plumas, miras o asento de diante porque sabes que te estou a observar. E non me importa. Agora vexo ovellas e un cartel que indica un área de descanso próxima. Aínda falta un anaco.

Revólveste no teu asento. Tal vez agora estean na cama. Modere a velocidade. ¿Pavimento esvaradio? Non creo. E peaxe a 700 metros. Penso ir a vela a semana que ven. Cando vaia a ver aos antigos compañeiros. Asomar a cabeza, velo un instante e liscar. Rápido. Sen volver a vista atrás. Porque El hoxe volve con Ela, quen sabe dende cando estarán xuntos e qué estarán a facer agora. A miñaxoia ao final saíuse coa súa. Non a vexas máis, non quero que volvas a vela, díxolle a El sen un ápice de coherencia nada máis deixala. E El leva un mes sen verme. Hoxe hai un mes exacto.

Pestanexas de novo. Non es Ela pero se o foses, tería sido o mesmo. Teríaste asustado igual ao ve-la miña cara, pero nin concibirías que eu puidese se-la Outra. Case me dobras a idade, e non me vai a dar tempo de coller o outro bus. Ou, de collelo, será polos pelos. Máis tempo a esperar na estación cargada de maletas.

Unha ría. Marea baixa. Debe apestar aí fóra. Se agora chocásemos contra os dous camións cisterna que estamos a adiantar, saltaríamos polos aires. Levan un carteliño de substancias inflamables. Ti saltarías tamén polos aires. Pero non o queixo feo nin o pelo de home. Porque ti non es Ela. Xa falta pouco. Alfonso Molina.

Nun anaco seguirás o teu camiño e a túa vida, ignorando que durante cincuenta minutos fuches o obxecto das miñas elucubracións. O señor de gravata baixou a cabeza pero segue a durmir. Ou tal vez lee. A túa chaqueta rosa irase contigo. Igual que a miña vida se foi con El.

Sei que non o merezo. Entregueime a El por completo. Non ten que reprocharme. Diríalle “estás condenado a voltar comigo, os bos sempre gañan”. Pero entrei no xogo sendo a mala e agora págoos, non coa miña vida, pero si coa miña cordura. Prezo alto por El. Estará orgulloso. Venceume. A chaqueta rosa érguese, estírase, pestanexa un par de veces e fai o amago de baixar as escaleiras do bus. Perdoa, bonita, eu baixo antes. Hop. Cóome ante as túas narices. Collo as miñas maletas. Volvo a cabeza pero para entón xa a chaqueta rosa se afasta camiñando suavemente polas desgastadas pedras do chan da estación. Fáltache moito para ser coma min. Moito para ser un gato. E Ela igual, que non pasa de ser unha simple bicha de pelo curto. Pese a non tela visto nunca camiñar, sei que camiña reptando. O bus debe estar a punto de saír. É o meu enlace. Se me dou présa, quizais poida collelo. Intento atravesar dunha plataforma á outra rápido, torpemente arrastrando as maletas. Sinto ganas de fumar un cigarro. El nunca me deixaba fumar. Pero agora El non ten nada que dicirme. Porque sabe que se me dixese algo, eu podería dicirlle moito máis. *Sabes que non me gusta que fumes, que fulanito fuma moitísimo e está fatal. ¿Quieres rematar coma el?* E eu diríalle: Dixéchesme que era a muller da túa vida, que cando marchases do seu lado, daríasme a chave do piso que alugaría. Agora, un ano despois de bicarme, decátaste de que tamén a queres a Ela. E escóllela. Cariño, meu rei, dime, ¿faríasme o favor de ir tomar un pouco polo cu?

Comeza a chover. O fume do cigarro sobe ata a miña cara. Suxéitoo coa man dona do cóbado que se apoia na ventá baixada. No casete non sei que música soa. Tal vez Silvio Rodríguez. O mesmo Silvio que coñecín da man de El. Meto terceira, meto cuarta. As maletas tal vez están no maleteiro. Ou tal vez non, porque quizais o coche que estou a conducir non é o meu, porque está no taller, senón o de El, o antepasado homónimo. Só que o de El era azul e este é branco coma a neve. Ao mellor está pálido polo que vai facer. Porque de súpeto, no campo de visión dos seus faros só aparece unha chaqueta rosa e un pantalón de pana. E en lugar de frear, acelera. E acelera máis. Ata que algo provoca que a suspensión e os amortecedores traballen extra.

E Silvio canta. E estame dicindo que non importa mentirse para ser felices. Desaparezo entre o fume do agonizante cigarro. Pouso as maletas xunto a un banco da estación e esmago con parsimonia a cabicha. Suspiro ata baleirar por completo os pulmóns. O meu enlace xa está aquí. O enlace a unha nova vida.

DAVID POBRA



Pido desculpas polo meu relato. Cando escribo por encargo só me saen cousas mediocres. Pola contra, cando me guío pola inspiración, xamais escribo nada. Rebautizado como pon aí arriba pola xente que me acolleu en Compostela, nacín n'A Pobra do Caramiñal un catorce de febreiro do oitenta e un, predestinado xa que logo a sachar na temática amorosa, de aí os meus dous primeiros e premiados libros: *Poesía primeira de amor desamor e arrefriado* (Xunta de Galicia, 2009), e *Poesía segunda de amor desamor e sinusite* (inédito). Por sorte, co tempo conseguín cambiar o chip e experimentar noutras lides líricas moito máis realistas e cosmopolitas como a pornografía. Licenciado en filoloxía galega e hispánica, e cun Diploma de Estudos Avanzados nalgún departamento de literatura, o meu nome figura na insigne lista do paro, aínda que desenvolvín un montón de traballos relacionados cos meus estudos: libreiro, mascota virtual, profesor, actor, etc. Nesta última faceta, destacar a labor feita co grupo da Asociación Cultural *Bicodobrelo* e a montaxe teatral de *Comedia Bífida*, de Manuel Núñez Singala, que demostrou ser efectiva á hora de derrubar moitos dos prexuízos cara a nosa lingua entre a xente máis nova.

Como narrador, teño textos en antoloxías coma *Contos en Viana* (Xunta, Concello da Pobra do Caramiñal, 2003), ou en revistas e medios dixitais coma *Vieiros*. Igual ca Pierre Menard, tamén aspiro a escribir o Quixote algún día.

Orgulloso de formar parte dalgúns axentes culturais deste país como a revista *Dorna* e a editorial alternativa *Estaleiro Editora*, ambas as dúas, actividades remuneradas con grandes cantidades de capital simbólico.

Estou convencido de que vivir con menos é posible, e mellor.

Relato de dúas páxinas e pico

Embébase no pestanexo do punteiro sobre a páxina. Unha araña tece a súa rede a toda présa. Desenvolve unha trama con posibilidades, mais non se decata de que non escribe. Cando advirte a páxina en branco, a preguiza impídelle recomezar a tarefa. Pérdese outro gran relato.

Esta noite non se levantou con bo pé. Decide airearse un pouco para recuperar os escasos folgos que tiña antes de pórse ao choio. Enfúndase no abrigo longo e bótase á rúa con decisión, como se houbese algún bar no que meterse ás cinco da mañá. A araña abandona a súa tea.

Transcorridas un par de ruadas do casco vello, o ceo traizóao e libera unha furia de auga. Por sorte, pode resgardarse nuns soportais con entretidos escaparates. Mentres se distrae analizando os estereotipos do país representados en prata e acibeche, de entre o manto de auga deslízase unha venus saída das fochancas. Dun chimpo, a descoñecida instálase nun espazo que incumpre o protocolo occidental de espazamento entre descoñecidos, mais os trazos dondos daquela figura fan que o asombrado robinsón esqueza os seus escrúpulos ao contacto humano. Tras dun bufido, a face lixada polo escorregar da pintura de ollos, debuxa de perfil un sorriso violeta, a modo de saúdo. Logo do exame visual, apreza o atractivo estraño da rapaza, cun estilo entre punk e gótico. Ten un traseiro ben feitiño e unhas pernas estilizadas polos tacóns das botas altas. Non pode apartar a vista das ligas que deixa entrever a minisaia. Séntese nervioso, coma se estivese a piques de sufrir unha taquicardia. E ela segue alí de pé, dándolle as costas, allea á treboada que acaba de provocar.

Pola súa cabeza pasan ducias de conversacións para romper o xeo, pero a súa timidez encárgase deilas descartando. Ao cabo dun intre, ela revisa o seu pequeno bolso en busca de algo, ata sacar un paquete de tabaco. Logo engúrrao na man e tírao con xesto de enfastío. El arrepíntese ao instante de ter deixado de fumar e xa non é a primeira vez, pois dende que o prohibiron nos bares, os fumadores relaciónanse moito máis ás súas portas, onde se parte o bacallao. Mañá mesmo volve ao tabaquismo, mais agora non ten un cigarro que ofrecerlle e descubrir os seus ollos á luz do chisqueiro. Tamén quedou sen palabras orixinais, desviándose do sentido común para saír en bandada pola gorxa. Nada agás o de sempre, intencións embotelladas agardando a afouteza do xenio, inseguro de tirar a rolla e liberarse.

A palabra. Houbo un tempo en que dominou a palabra, antes de que todo fose a pique. Conseguiu certa sona coma poeta, e mesmo levara adiante algunha relación sentimental. Aqueles poemas valéranlle de moito. Quizais aínda fose quen. Diríalle por escrito o que a súa presenza lle provocaba. Por sorte, sempre levaba bolígrafos nos petos, para as ideas fugaces. Mais por moito que rebusca nos petos e na carteira, non atopa ningún papel. Inténtao co billete de cinco euros, mais non sería apropiado e nin tan sequera se le. Logo proba cun kleenex usado, pero desfaiase medorento ao contacto co boli Bic. Pensa incluso en recoller o paquete de tabaco que ela tirara, mais estaba en fronte dela e mollado. Unha vez máis, volvíaa retraerse o seu pulo creativo, a súa valentía.

O arrepentimento pola inacción anticipábase desta vez ao esgotamento das posibilidades, e iso era o que máis lle aterraba. De ser un home afouto, un amante visceral, cen por cen ese ente lírico e salvaxe que se presumía, cometería algún acto que demostrase a paixón que o inundaba. Resgar o abrigo para escribir nel, ou incluso arrincar a propia pel para tratar de seducila coa retórica das súas veas... O ofuscamento provocado polo inobilismo comeza a nubrarlle a razón, así que se decanta pola opción máis prudente, a inercia da pasividade. Tranquilízase mentres se autoconvence de que ela non tería entendido a súa poética. Tomaríao por tolo ou, peor aínda, por un desenfreado casanova.

O chuvasco amaina e ela saca unha man cara a rúa, tenteando a posibilidade de retomar o seu traxecto. Semella que se achega o final do encontro. A piques de mostrarlle as cartas á noite, unha última esperanza vén na súa axuda; un sonoro estrondo semella anunciar tormenta. Ela asústase e telegrafía un S.O.S. coa mirada. Animado pola confabulación dos elementos, comeza a sentir o sangue nas veas, e a súa lingua dispónse a abrigar unha conversa tranquilizadora. Respira profundamente e alá vai. Coa mirada fixa no chan, entreabre a boca mentres dá un longo paso ao fronte. A resposta por parte dela non se fai agardar. O repicar dos tacóns acompaña os seus pasos, afastándose.

O estrondo anterior tampouco fora ningún trono, senón o camiión do lixo que se achegaba pola rúa transversal, arrastrando consigo o cheiro gris da derrota. Levanta a cabeza lentamente e permanece cravado mentres se recupera da mala tradución que o seu instinto fixo da linguaxe corporal. Nin tan sequera tiña a seguridade de saber se ela fuxira ao decatarse das súas intencións porque, a pesares da súa valentía, non fora quen de erguer a vista do chan, que era por onde quedaban os seus degoros as máis das veces. Un par de remoramentos despois, comeza a camiñar, sentíndose afogado polo nó do estómago, atrapando o laio nas vísceras. O escorregar da urbe baixo os seus pés guíao de volta á tobeira, en retirada silenciosa.

De volta no seu cuarto, a araña analízao todo con seis ollos. O importante é que a arañeira segue aí, con mellor ou peor resultado. O contido non son máis ca anécdotas voadoras das que nutrirse para seguir enfiando a súa forma imperecedoira.

Coas ansias emprestadas pola obriga, o autor volve ao seu traballo. Falto de musas, limitarase a encher un par de páxinas sen afondar no significado. Explotando, unha vez máis, o artificio de non queimar nada.

IRIA AMEIXEIRAS



Pouco despois do ano do nacemento (1990), din que construí un tapiz co salitre que chegaba á nosa casa de Soesto. A miña avoa Dolores colgouno na parede do salón e cada vez que os camiñantes viñan dar á nosa casa, do tapiz saían historias de mariñeiros que eu soñaría durante a miña crianza no bico do Monte Castelo. Alí, das conversas co tío Sanfona aprendín a escribir segredos e a tocar a pandeireta. Tempo hai, mais agora xa sei camiñar cos pantalóns salpicados das primeiras herbas da primavera escandinava.

Cruzando miradas cos viandantes que desaparecerán para sempre do meu recordo, agás no caso de que algún se puxese a falar comigo. Degoiro esas conversas invisibles que invento no andar colorado e taciturno. Impuntual, coma o papel dixital que suxeito entre os ollos. Agora gústame, porque o periodismo se volveu de cores e xa non me mancharei de negro os dedos nas mañás de cafés sen présa. E despois, volverei a coller a libretinha pequena e as gravacións de metal que enchen desde o 2008 os meus petos desprendidos, co fin de escribir nunha bitácora aquilo do que non oír a falar. E vou apuntando cada ceo e cada capital, aínda que aos poucos me pareza que só desde a Costa da Morta se consegue ver a soidade do mar.

A Nasa

Hai unha hora que se mira ao espello. Hai unha hora que lle desapareceu a boca da cara. Agora tócase no lugar onde debería estar a boca e non sente dor. Foi como non darse conta de que perdera a boca. Unha picada. Ao igual que non sentía dor, tampouco sentía a súa ausencia. E por momentos, pensaba notar a lingua movéndose entre as rexas dos dentes, mais cando volvía a cara de novo ao espello, a boca aínda non estaba alí. Comezou a contemplar a extensión das mans, coma se fosen prolongación das cernas. Todo o corpo que lle quedaba era unha beizón. E co recordo dun bico, botouse a chorar pola boca ausente.

Naquel momento, o sublime de Lyotard fuxiu con gaitas destemperadas daquel cuarto sen luz de verdade. Preguntouse cen veces, coa lingua pequena, que tería causado aquel infortunio de espellos con anhelos. E estomballouse a carón da cama, coma rezando sen palabras a todos os deuses nos que só cría cando tiña problemas. Comezou a contar os pasos daquela noite. Dos seus zapatos descalzos non quedaban restos de ningunha lembranza que lle devolvera a súa boca estragada. E preguntouse se sería das radiacións nucleares que chegaran ao país envoltas en papel de periódico. E iso tróuxolle o recordo do papel de celofán. Coma a súa boca. Un celofán ocultando os centurións que chegaban directos do estómago sen aire de habitación con *flexos*. Coidou que a cirurxía salvaría aquela desgraza que condenaba o intestino á escuridade. Despois duns minutos, deulle medo a idea de que ao saír á rúa sen boca, ninguén acalara os altofalantes do inimigo. E o inimigo está en todas partes, de súpeto. O inimigo ten bisturís, en lugar de mainiños, e cambia bocas por celofán cando a xente durme en cuartos que perderon a luz das fiestras e precisan de *flexos* para ler con calma toda a propaganda coa que se alimenta a xente cando ten boca de celofán. Ergueuse e achegouse de novo ao espello, e despois deu volta. Quería pensalo mellor, antes de mirarse outra vez. Decidiu que se recibía algunha chamada de móbil antes de tocar coa punta das dedas no extremo da habitación contraria ao espello, cando se mirase de novo, a súa boca aparecería, coma se todo aquel tempo fora un lapsus de divina hipocrisía. E nun último intento por recobrar a elegancia, moveu os pes en sentido inverso, un pouco encerellados do sangue que murchaba no seu paso pola boca emigrada. E ningunha palabra foi xa altruísta. Fixo un intento por contar en alto, pero a pel non cedía e aterroulle a idea de perder a aposta. Decidiu contar na memoria. E cando os números chegaban ao seu derradeiro cometido, soou o móbil cunha mensaxe. “Hoxe non podo quedar. Se vas pasar por *Juan Flórez* vai con tempo, hai atasco. Bicos.” Como non entendeu se gañara ou perdera a aposta, deu volta de novo cara o espello. Empezou a respirar moi forte e contraéuselle o diafragma até provocarlle a dor de cen bestas fuxindo da rapa sobre aquel ventre, o que máis dereito tiña á boca renegada, por ser alí onde se

inventaba a filosofía con cara de fonema ben soante ao dar contra o chan de madeira dunha escuridade cada vez máis prematura. Así era a soidade naquela habitación, que ademais de luz, roubaba bocas. Mais ela seguía sen estar alí. E achegouse un pouco ao espello, para entender. Inventou cos ollos un microscopio e só conseguiu localizar o mapa da epiderme naquel buraco cuberto con pel de celofán que lle nacera xusto debaixo do nariz. A un tempo, o nariz, que no seu poema solitario se fixo aínda máis grande, tornou eucalipto procurando na súa crianza infinita absorber toda a auga que saía con présa dos ollos. E na súa mente botouse a rir. Eran gargalladas selectas, das mellores que botara na súa vida. Un poema ecléctico de risas. De socato, non se recoñeceu no espello. Pensou se lle estaría dicindo a verdade. Ao mellor o reflexo aquel non era seu. Comezou a facer movementos para ver se a imaxe os seguía no seu precipicio de posibilidades. Deuse conta, coma se fose algo que sempre soubese, que hai algunhas persoas que nos seus reflexos do espello teñen as bocas a un lado. Quixo entender aquel amor do espello ás bocas, coma o centro de gravidade do seu silencio. As bocas dos espellos teñen moción, pero carecen de fonemas que baten contra parqués e se fan ben soantes. E pediulle que lle devolverse a boca, que lle ensinara a emitir sons e que compartiría os seus xeados. Pero, por favor, que lle devolverse a boca. Non había dereito. “Non hai dereito”, pensou. E xa non soubo como entender os despregos daquel exilio bucal. Puxo unha canción na radio, que lle recordou a súa voz caduca. Os naipes botados ao aire naquelas historias de preguntas estériles caeron no chan de madeira facendo o ruído das olas abalando unha pedra en Muxía. “Mundo, non me mereces” dixera un día na radio. Todos o escoitaron. E mirando ao teito, descubriu a nasa na que vivía. Había linguas mortas arrincadas doutras bocas que eran usadas coma cebos. O tempo fíxose intermitente, pero sen luces de cores, pois naquela nasa a luz non era de verdade. Probablemente nunca o fora, a claridade era parte daquela imaxinación sen espellos. Tombouse de novo, pero esta vez na cama. Naquel momento entendeu que nunca máis sabería canto tempo levaba alí. E ao outro lado da cidade entrou un navío que traía no mastro as últimas aladas das súas bandeiras ardendo. Levaban unha boca debuxada.

BRAIS LAMELA



Chámome Brais e nacín en Vilalba. Penso que escribo dende pequeno, aínda que foi en segundo de ESO cando comecei a participar en certames literarios. Levei premio literario no certames Minerva, Anxel Casal, Trapero Pardo, Asociación "O Facho" ou no certame do concello de Vilalba. Como autores, gústanme Álvaro Cunqueiro, Manuel Antonio, Chéjov, William Faulkner ou Borges, aínda que realmente encántame ler e gústame de todo

Dr. Victor

(...)

Entenderá, dado o meu historial, que o meu nome importe pouco. Chameime Jean Bouvoir, Arturo Puentes, Jeremy Colt, Alexei Markopoulos, Robert Carrol e outros tantos. Elixo o que mellor lle pareza, doutor.

(...)

Sempre tiveren un talento natural para o xogo. O meu sempre foi instintivo. Algo tan sinxelo coma coma respirar. Poderíase dicir que as cartas son a miña lingua materna. Nunca empreguei o cálculo matemático, nin a probabilidade, soamente a intuición. Chegábame con ver a man para saber cal era a xogada óptima. Ás veces, soltaba a carta cun movemento completamente irracional.

(...)

Non, doutor. A pesar da miña extraordinaria habilidade, ou precisamente por ela, nunca fun un adicto. Para min aquilo era un traballo, precisamente por ser tan seguro o meu triunfo nunca sentín o azar, o perigo e o éxtase que se senten cun golpe de sorte.

(...)

Non, repito que non se trata dunha cuestión de sorte. Como poderá ver na nosa conversa, non son un home afortunado. A miña habilidade é propia de min e, como teño comprobado, exclusiva en min. Non se trata de sorte, pois teño visto homes con moita sorte que o perderon todo a un golpe de azar. Eu son infalible

(...)

Vamos logo coa historia . O pasado 1 de Setembro atopábame en Madrid, disposto a facer saltar a banca de todas as casas de xogo que atopara, cando a miña mirada se detivo nun pequeno establecemento da rúa S... Era un edificio de dúas plantas, pintado dun gris sucio, no que un cartel luminoso anunciaba con luces vermellas o nome de "Rouge et noir". Decidín meterme dentro, deducindo que aquilo era unha sala de xogos.

(...)

Era unha enorme dependencia, case baleira. Pequenos grupos de xente xuntábanse en torno a seis mesas sobre as que voaban as cartas, lanzadas polas hábiles mans dos *crupières*. Ao fondo, dúas ou tres persoas observaban con atención o xiro dunha ruleta, na que se confundían as cores vermella e negra. No teito, vellas lámpadas vomitaban unha luz espectral. Fixeime na xente da sala, todos os presentes tiñan un aire trágico e obsesivo. Foi entón cando chegou aquela muller, ou demo, ou o que sexa que fose.

Era unha anciá de pel morena. O seu rostro, consumido polas arrugas, parecía

albergar toda a perversión do mundo. O pelo, castaño e sucio, caíalle en ondas polas costas. Das orellas colgábanlle aneis de ouro con xoias incrustadas, nas bonecas, as súas abundantes pulseiras bailaban e resplandecían con fulgores metálicos. O máis terrible daquela muller era, sen dúbida, o seu ollo dereito.

(...)

Ai, doutor, prefiro non lembralo! O ollo! A súa simple mención fai que un tremor sacuda as vellas ruínas da miña memoria. Todo o terror que o mundo vira durmía naquel espantoso ollo! Era grande, moito máis grande que calquera outro que eu vira, tanto que parecía caerse da cunca. Sobre él, unha membrana fina e translúcida pegábase á pupila, tinguíndoa dun gris azulado. Aquel demo miroume con ese ollo e fixo que se me xeara o sangue nas veas. Preguntoume entón se quería xogar unha partida con ela. Tiven a intuición de dicir que non. Sen embargo non podía evitar pensar en que aquel ollo coñecía as miñas dúbidas, aquela horrible pupila miraba no meu interior e vía toda a miña inseguridade. Pensei entón que *debía* xogar.

(...)

Trabúcase, doutor. A descrición que lle dou do ollo é completamente obxectiva, case científica. Non pense que me deixo levar polo desacougo que sentín. Que anota no seu caderno, doutor? En fin, pode vostede ver a psicose na miña decisión, pode crer que era unha loucura pensar que o ollo vía dentro de mín. É, sen embargo, eu sei que estou no certo, pero non quero discutir sobre iso. En fin, eu e a muller sentámonos nunha mesa a xogar ao *rouge et noir*, xunto a outros seis homes.

(...)

Non o sabe vostede? É un xogo que consiste en superar a aposta do contrario. Podes apostar ao vermello ou ao negro. Cando gañas, danche o dobre do que xogaches. A banca, pola súa parte, quédase coas apostas feitas sobre a cor que non saíu.

(...)

Durante a partida, había algo que me distraía e confundía. Tratábase daquel ollo, que parecía lirme dentro do corpo, coma se coñecera todas as miñas debilidades. Aquela muller observábame e pensei... souben que coñecía a miña habilidade. Durante a partida, mesmo sentín ganas de coller a navalla que gardaba no peto e fundila naquel ollo maldito, nada me producía máis pracer que imaxinar como aquela pupila se desfacía ante o corte do duro aceiro. Sen embargo, tiña o presentimento de que aquel ollo vería as miñas intencións, polo que tratei de fuxir deses pensamentos.

(...)

Decidín acabar a partida canto antes, polo que, cando xa levaba acumulada unha boa chea de cartos, coloqueina toda sobre a mesa e apostei ao vermello. Sen embargo, a muller apostou ao negro. Dinme conta ao momento de que ela

ía perder, porque non me copiara o movemento, cando o levaba facendo toda a partida? O crupièr levántou a carta cun xesto solemne:

– Tres de diamantes. Gaña o vermello.

(...)

Primeiro a muller non deu creto. Logo, púxose a berrar coma unha tola e a soltar xuramentos. Eu tratei de ignorala e cambiei as fichas por cartos. Varios empregados da sala trataron de suxeitala mentres esta se debatía entre os fortes brazos daqueles homes.

– Ti! -berroume mentres me apuntaba cun dedo- Has pagar polo que me fixeches. Nunca esquecerás esta partida!

Aquela noite funme deitar cedo. As palabras da vella soaban na miña cabeza. Entón, na completa escuridade da noite, percibín algo na man dereita. Apertei a man e pechei os dedos en torno a aquel misterioso corpo. Era unha pequena esfera, branda e viscosa, que rezumaba un líquido pegañento. Fundín os dedos nel, e dinme conta do que era aquilo:

¡Un ollo! ¡O ollo! Nun arrebatado de terror guindeino á parede. Sentín naquel momento máis medo do que pode sentir un ser humano. Busquei o interruptor. Aquela cousa horrenda estaba no meu cuarto! Cando as luces se acenderon, eu quedei envolto entre as sabas, coa vista fixa no meu arredor. Non durmín en toda a noite.

Os días seguintes volveuse a repetir. Quedei en Madrid e non volví a viaxar. Nunca volví a apagar as luces, pois as tebras son o medio do que se vale aquela bruxa para mandarme as súas maldicións. Non hai día que non sinta a súa mirada detrás de min, agora mesmo, doutor, agora mesmo estou sentindo o seu ollo cravado nas miñas costas. Unha presenza invisible e velenosa que me acompaña cada instante da miña vida.

(...)

Que é isto! Doutor, acenda, por favor... Luces! Necesito a luz, senón... ¡Oh! Xa volve, xa sinto o ollo entre os meus dedos! Ata cando durará esta maldición?

(...)

– Non, non. Acenda, por Deus! Cando volva a luz será tarde! Acenda, acenda...

A claridade permitiulle ao doutor observar ao home, que estaba tumbado sobre o chan da sala, coas faccións deformadas e petrificadas nun xesto de terror. O vento, pensou o doutor, probablemente fora culpa do vento que se fose a luz. O doutor achegouse a el, buscando o pulso no seu pescozo, ata que se deu conta de que xa non había. Antes de levantarse fixouse na man dereita do home, que estaba fortemente pechada. Con algo de esforzo, conseguiu separar os dedos. Deles caeu suavemente unha fina, transparente e viscosa membrana ocular.

ELENA VEIGA RILO



Aos cinco anos non sabía pronunciar o erre. Por aquelas épocas mandáronme presentarme en verso e non se me ocorreu outra cousa que dicir "Eu son Elena e teño melena". Planteime diante do espello e acabei berrando ben alto cousas como carro, terra ou rato, mais a miña (in)capacidade de escribir en verso coído que segue igual que aos cinco anos. Así que decidín dedicarme ao coloreado e á lectura de *Chucho Cacho*, para pasarme máis tarde aos libros de auto-axuda como *Mafalda* ou *Manolito Gafotas* (o meu ídolo e co que aínda me sinto plenamente identificada).

Poida ser que fose o feito de nacer escoitando pola tele as primeiras bombas da Guerra do Golfo (un fatídico 17 de xaneiro de 1991) o que me moveuse a buscar conflitos na escrita e acabase por matar a unha mancha de cor rechamante en *Morto en fucsia...* Pois na miña vida cóntanse poucos sobresaltos: o apagado da música dun pub irlandés cando intentei facer de DJ. Cantei Molly Malone para que non se notase. Coído que se notou. Ou sobrevivir cunha salchicha e media ao día durante un mes nun campamento nunha Galicia profunda de máis e na que só puiden aprender a perrear de verbena en verbena e a montar a caballo ata o nivel trote. Minto, tamén gañei a sensación de sentirme Medea nada máis que por poñer a saba da liteira por riba e ser condenada por bruxa (sí, gústanme as adaptacións crueis e sanguentas).

No 2009 fixéronlle unha entrevista a Mónica Cruz na que dicía que sentía pena daqueles que, chegando á súa maioría de idade, non sabían o que querían ser de maiores. Odiei moito a Mónica Cruz porque eu aínda non sabía se marchar con Alexander McQueen a aprender inglés ou ficar para emparanoirme coa vida das soldadeiras polos corredores de Filoloxía en Santiago. Sempre lle tiven cariño a María Balteira porque era de Coirós, quedei, e non me arrepinto (só cando é hora do té das cinco).

Algo que queira facer? Ver unha de romanos (outra), seguir a colaborar na revista *A Xanela* (toma publicidade subliminal), aprender a cociñar, e de paso a conducir (agardo que este escrito caduque pronto). Algo do que me guste presumir? De crerme estrela do cine cando papei dez horas de rodaxe para ser un punto azul ao fondo. Algo que queira arranxar? A vespino de miña nai, e poñerlle un nome de trobador.

Tócaa outra vez, Sam

A ter en conta antes de ler:

Escola de Bratislava: *Xurxo é do tipo de persoas que, impulsadas polas súas ansias de coñecemento e por un certo grao de frikismo, se subscriben a todo o subscribible. Agora anda a voltas cun curso de cociña mexicana, que deixará cando lle colla o punto ao guacamole, e con outro de correntes literarias que lle ocupa as tardes. É fan dos Dyos cén taot.*

Jean-Claude Van Damme: *Pepe aínda lle ten respecto porque non sabe que foi Mr. Bélxica. Aparta a mesa do salón e pelexa sobre da alfombra cun Bruce Lee imaxinario, non sen antes untar os músculos co aceite que lle sobrou de facer os ovos fritos (a necesaria, para hoxe, cea con proteínas). A súa cara dí que ten sesenta anos, aínda que o seu corpo o sitúe entre os trinta e cinco e os corenta. Cando conseguiu chegar a ter todos os músculos que desexaba deixou a súa carreira como profesor de economía para pasar a ser porteiro nunha sala de concertos.*

Cuarta cesárea: *As veciñas de Margaret dixéronlle que coa súa barrigola picuda nacería o cuarto neno. Agora arrepentíase de ter ido a pola nena en balde. Negouse en redondo a facer unha ecografía, pero naceu neno igual. A súa nai gardou os pololos de la de angora para non sacalos máis do caixón: todo o mundo sabe que non se poden facer máis de tres cesáreas polo risco que conleva para o bebé e a súa nai. É a cantante dun grupo de reggae pop alternativo irlandés chamado Dyos cén taot. Presionada polos fans renunciou á súa baixa por maternidade e fai unha parada no repertorio ás dez para darlle a teta ao neno.*

Eran as sete da tarde. Saíu da casa con dous euros e medio e as chaves nos pechos. Nas orellas, Xurxo levaba uns cascos descomunais que tinguían todo o que ía vendo durante o seu paseo de *As time goes by* (sempre foi un romántico). A música lenta levaríao a chegar tarde a unha clase na que se falaría da **Escola de Bratislava**.

Á mesma hora pero na outra punta da cidade, Pepe facía bocadillos para vender no concerto que tería lugar dúas horas despois, dándose de conta de que de pouco ou nada lle servían os seus musculitos para ser porteiro dunha sala de concertos. Sabía que deixar o traxe de profesor de universidade por unha camiseta de machaca que, para a súa desgraza, utilizaba mentres facía de "chico para todo" fora unha mala decisión. El sempre quixera ser coma o seu ídolo **Jean-**

Claude Van Damme e disparar pancadas sen control entre os feroces espectadores dun concerto de hard rock do ben duro. Pero hoxe, coma sempre, tocaba un grupo dos máis lixeiros. Hoxe, coma sempre, a sala encheríase de modernos de merda aos que tería medo de tocarlles un pelo por se lles rompía as gafas de Giorgio Armani.

Xa eran as nove, hora de empezar o concerto, e a Margaret tirábanlle os puntos da súa **cuarta cesárea**. Iso só podía significar dúas cousas: ou que ía cambiar o tempo (cousa que contradiría ás isobaras das que falara o home do tempo) ou que algo malo ía suceder...

Na clase falaran da Weltliteratur e da existencia hai non tantos anos de indios na Arxentina, despois vírase tentado de dicir que si a unha festa universitaria chea de alcohol e descontrol, pero decidiu ter sentidiño e marchar para a casa co firme propósito de erguerse ao día seguinte ás oito da mañá para ir mercar aguacates antes de que algunha señora ansiosa por innovar na cociña se lle adiantase no mercado.

Camiñaba cos seus cascos pegados ás orellas, enchéndoo de música lenta que non conseguiu desacelerarlle o corazón ao ver aparecer á súa musa das noites de coñac e boa música (sempre foi un sibarita, aínda que sexa un universitario sen un can). Era ela, aínda que máis gorda e cun carriño de bebé. Nun arranque de decisión parouna e declaroulle toda a súa admiración emitindo berros e saltiños ao estilo groupie de primeira fila. Mentres que saltaba caéronlle as chaves ao chan e revolvéuselle o estómago. Ela contoulle que hoxe tiña concerto na sala Loot e el foi cara a alá.

Unha vez alí viu que a entrada custaba tres euros. Non era cara porque *Dyos cén taot* eran reivindicativos e consecuentes de verdade e sabían que non se pode facer un concerto por Haití gañando dous millóns de euros, por poñer un exemplo.

Só tiña dous euros cincuenta e aquel Jean-Claude Van Damme era coma un muro de cinco metros que non o deixaba pasar porque a entrada eran tres euros e de aí non o movías.

Xurxo foi presa da desesperación e pediu cartos coma quen ten que subir ao bus cada media hora e sempre lle faltan cincuenta céntimos. Ninguén picou. Quixo ir á casa e non tiña chaves. Pero como bo groupie que era mataría por entrar e adorarlle a barriga chea de cicatrices a aquela muller que agora estaría facendo gargarexos coa clara de dous ovos para conseguir a súa voz anxelical.

Aquel tirillas quixo facerse co dobre de Mr. Bélixa e recibunas ben recibidas.

Jean-Claude Van Damme estaría orgulloso ao ver aquel porteiro cun ricto de concentración, dicíndolle con firmeza a aquel rapaz: "No hay *Dyos* sin tres". Xurxo, no chan, miraba a súa man que tremía e na que levaba os inservibles dous euros cincuenta.

Ergueuse como puido poñendo de novo os cascos, esquecéndose do reggae pop e volvendo ao *As time goes by*, enchendo o momento coa banda sonora de *Casablanca* e, despedíndose daquel home que por fin estaba satisfeito de facer uso dos seus músculos, díxolle: "Tócaa outra vez, Sam".

ANDRÉS CARRASCO



Andrés Carrasco (Pontevedra, 1989), grazas a devorar de cativo as historias de Astérix e Mafalda, desenvolveu con precocidade o interese pola narrativa. Isto levouno a cursar estudos de Comunicación Audiovisual para tentar así achegarse ao cinema, pero acabaría sendo o medio escrito o que lle permitise expresarse con máis comodidade. O seu relato "Caderno de Somoza" obtivo o 1º premio da disciplina no certame Gzcrea 2009, e o conto "Canícula" inaugurou a sección de ficcións da revista dixital Contraportada. Animado por estes logros, continúa escribindo con constancia e ilusión.

Olo!

Que fan os meus pés tan afastados? Ah, cuestións de óptica. Hei de estar levitando, debo deixarme caer. Estiro as punteiras chamando á gravidade que se esqueceu de min. O chan rexéitame os roces e o tacto. Non atino a manter a rectitude, pásoa describindo órbitas coas pernas. Órbitas que ¡ui!, acaban de se engarzar nunha soa, e igual as pernas. Superpóñense, enróscanse entre si. Escoito os estalidos dos ósos, e sen dor o ruído é confuso e alleo. A peluxe encrésbase e tira cara a fóra debruzando a carne asalada, os ósos móndanse coma plátanos de satén e de todo só queda un pequeno fío. Que curioso. Convertinme nun globo de helio. Ou seguirán a ser cuestións de óptica.

No alto dunha roda, sei ben onde estou, no alto dunha roda de feira que se detivo de súpeto. E vaia efectos que causou. Non sei se é afortunado permanecer adherido ao teito curvo deste carrusel. Albisco o perigo nas cervicais. Tamén albisco o parque máis aló da xanela. Percibo a curva da Terra no horizonte. Entón, seica así ven os globos.

Meu irmán sinálame entre gargalladas dende o asento. Maldita a graza disto, pero non o podo culpar. Faime ollar o carrusel traseiro, agora. Nel, coma nunha caixa de música, una bailarina xira sobre ela mesma. A súa figura é difusa e hipnótica, pintada en acuarela. O tutú comeza a se desprender do corpo e os ollos nosos queren estoupar. Apenas entrevemos os volumes trala melena negra que esvara dende os ombros... ¡AHH!, un rechío sónico volveu arrincar a roda, e esta á súa vez arrincounos marabillas. Incho e retumbo dentro do coche. Meu irmán terma por min amarrando o cordeliño. Sinto cóxegas. A atracción avanza tropezando e temo desinflar. Por fin para.

Baixamos. Desesperados, buscamos á bailarina. Soamente esculcamos unha rapaza loira e esmirrada. Pateo unha pedra para soltar a rabia. Vaites, volvo ter pernas. Vou xunta meu irmán sentado nun banco. Náuseas. Confesa que tomou unha pílula para se divertir. Non foi ilusión, aínda teño voz de *pitufu* de tanto helio, dígolle. É a condición dos xemelgos, se eu padezo ti padeces, responde. E segue: ves a través miña. Puntualízoo. Así veralo ti.

RAQUEL BOO ANDERSON



Xa teño máis de trinta. Deles, a metade paseinos en Curtis, vila na que me criei, onde gardo familia, mestres e amigos que me fixeron como son. Nacín lonxe, nunha illa marabillosa, xerándose unha constante dicotomía. Un non sabe ben de onde é até que non se sinte dun lugar. Hoxe podo afirmar sen dúbida que son galega, porque entre outras cousas, sinto en galego.

Licencieime en Publicidade e RRPP en Pontevedra, forxando as ilusións que se cumprirían máis adiante, decidindo por onde comezar a ser eu. Levo dez anos en Compostela coa creatividade como medio de vida. Aprendín de grandes profesionais e fixen dos compañeiros novos amigos. Agora traballo en ekinocio. Séntome todos os días diante dun computador a xogar con formas, cores, letras, sons... Algúns días son máis doados ca outros, mais gústame o que fago, con quen o fago e onde o fago. Son moi afortunada, e sigo soñando.

A conciencia do subconsciente

Ela non durmía. Os seus ollos entreabertos fitaban a infinita escuridade do cuarto. Non se colaba na noite nin unha rendixa de luz polas contras, non se distinguían as sombras dos mobles, os montóns de roupa no chan, nin o bordo do marco da porta. Non se vía nada, e na nada ela velaba.

El durmía. Do seu corpo saía un fungar acompasado, rítmico aínda que involuntario. Non era un ronquido común, non procedía das fosas nasais, viña de dentro, do estómago, e saía polos beizos que se inchaban e desinchaban reben-tando polas comisuras... era un barco de vapor.

Inmersa no esforzo por acadar descanso, ela comezou a imaxinar un soño ou a soñar un pensamento. Partiu no barco de vapor, deixando Cangas atrás, bordeando as Cíes, ulindo o mar, facendo do negro da noite un verde atlántico manso. Viuse a si mesma na popa, logo na proa, co ar remexendo os cabelos, creando nós de salitre cheos de vanidade.

El viaxaba con ela. Sentado, concentrado en facer un cigarro, procurando reter o tabaco na palma da súa man, lonxe dos ventos. Sen sabelo, creaba enrugos na súa fronte de tanto engurrala, e pequenas canas que saían a unha velocidade anormal. En cuestión de intres tornou totalmente cano.

O ollar dela movía o barco. Este tomaba posicións caprichosas, contrapostas, non levaba un rumbo certo, viaxando sen saber onde ir. De igual xeito, mudaba a súa velocidade segundo a distancia á que ela ollase, facendo estranos zooms. Pasaba polo mesmo punto da ría unha e outra vez, reproducindo a mesma paisaxe, con distintos matices de luz, mais sempre a mesma, se cadra porque non coñecía outra. Até as nubes se repetían, en número e en forma, en textura e en gosto.

O paso do tempo tampouco era regular. Soñaba noites longas, outras curtas, incluso días nos que a ela só lle daba tempo a cantar unha das estrofas da súa canción favorita. Porque ademais do fungar do vapor había sons diluídos no ambiente.

A cabicha do cigarro eterno caeu ao mar convertíndose nun peixe vermello, un que semellaba estar fóra do seu sitio, que era de río, que nadaba do revés. O peixe tamén fungaba, exactamente igual que o barco de vapor. Ela era agora peixe. Non, era una escama do peixe, só viaxaba nel.

Canto máis ao fondo ía o peixe, máis luminoso era o mar. E a ras de chan, herba. Ao peixe saíronlle pernas e logo brazos, mans e dedas. Medraba unha figura espigada, de cabelos longos e vermello coma o peixe. Ollos amendoados, nariz pequeno e beizos grosos que agochaban un pícaro sorriso. Ela era a súa man esquerda. E sentía o seu pulso, que sonaba igual que o peixe, igual que o barco...


Os pés espidos da figura, tamén espida, pisaban aquela herba fría e húmida. con pasos curtos e lentos. Continuaron até topar coas raíces dunha árbore grossa de tronco laranxa, que no canto de follas tiña billetes verdes, dos de cen. Alí decidiu descansar. A figura sentouse e a man esquerda tocou por fin a herba. Unha formiga subiu por ela. Cóxegas. Risos. Eco dos risos e volta ao fungar acompasado... a figura ficara adormecida, obrigando á man a durmir con ela.

Sonou por fin o despertador. Ela non sabía se realmente durmira ou se pasara a noite a imaxinar na escuridade. Só sabía que o fungar calara, que cheiraba a café, que a luz xa entraba pola fiestra. E baixou as escaleiras tarareando a canción do soño:

“O mar anda que desanda, e anda que desaparece, quen ten amores non durme, quen non os ten adormece”.

Colleu unha bolsa de viaxe e voltou ao cuarto. Meteu nela catro mudas, un par de camisetas e unha chaqueta de lá. Ollou de esguello a cama. Quedaba desfeita. Volveu baixar as escaleiras e saiu pola porta, deixando atrás o cheiro do café, o home que quería e os cartos que roubaron baixo o colchón.

PAULO MARTÍNEZ LEMA



Chámome Paulo Martínez Lema, mais son dono de moitos outros nomes que agora non veñen ao caso. Nacín un día de fogaxe de 1982 en terras fronteirizas de Begonte, aló onde morre polo sur ese estado de ánimo que é a Terra Chá. Comecei a escribir como de casualidade, esborrachando as marxes daqueles insufribes libros de texto da vella escola, e pouco a pouco foime fagocitando a estraña febre da folga en branco. Andei primeiro as vereas vellas, da man de Fole, de Otero Pedrayo, de Castelao, tamén (por que non?) de Rosalía e Pondal. Despois veu Cunqueiro, que me franqueou as portas do bosque, e canda a el Novoneyra, Heaney e os pagáns da Irlanda, que fixeron o resto. En moitos sentidos, pode dicirse que son produto da demorada destilación de todos eles, e en cada cousa que emprendo procuro sempre homenaxealos e, na medida do posíbel, ser digno. Mais os fondos e as obsesións mantéñense máis ou menos estábeis no decorrerdo tempo: a selvaxe costa oeste, o arcaico sotaque irlandés, as olladas míticas sobre o mundo, a reivindicación do escuro e da raíz e, en xeral, todo aquilo que se nos fai contraditorio e, por tanto, fermoso e necesario.

Hai uns anos, os bos amigos da Fundación Manuel María tiveron a ben dar a lume un pequeno feixe de contos que intitulei As Crónicas Chairegas. Este é, polo de agora, o meu primeiro e único libriño en solitario, e quizais sexa tamén o derradeiro, pois as urxencias cotiás deste mundo que nos tocou vivir non deixan moita marxe para soñar historias novas e (xaora!) tampouco para escribilas. De todos os xeitos, mentres sexa quen de descubrir vetas de emoción nas cousas que me rodean, sentireime no dereito a me chamar escritor, e nesa esperanza habito.

Brevísima noticia do *Codex Moriamensis*

Estimado señor:

Direille que, malia non existir constancia escrita dos feitos, crese con certo motivo que foi un serán luminoso de novembro de 1933 cando se produciu a descuberta. Martiño Antelo Posse, erudito e polígrafo dos de vella escola e probada caligrafía, natural da leda aldea de Borneiro aínda que residente en Santiago de Compostela, debeuse estremecer até a cerna mesma dos ósos cando sentiu aquel tacto de pergameo adormecido na palma das súas mans. Non era para menos. Viña de descubrir, nunha naveta do Arquivo da Catedral de Santiago, o derradeiro resto do que os investigadores en cousas antigas e inverosímiles deran en chamar desde comezos de século o *Codex Moriamensis*.

Don Martiño Antelo Posse (imaxino eu, desde a miña obvia simpatía co paisano) debeu pousar sobre a mesa da sala aquel anaco de coiro case extinto, fendido por múltiples partes, rillado dalgún rato herexe por outras tantas, e vítima en definitiva de incontábeis manchas de humidade que, coa súa cor de viño bravo do país, impedían a lectura de centos e centos de liñas. Mais nin así tivo dúbidas o señor Antelo Posse de que aquilo que comezaba a se espreguizar devagaríño sobre a mesa da sala era todo canto ficaba daquela especie de cronicón quiñentista, redactado a partes desiguais en galego e latín e sobre o que tanta hipótese e tanta conxectura de erudito ocioso (descúlpeme o señor a redundancia) verteran Manuel Murguía, Martínez Salazar e seica tamén o mesmísimo Eduardo Pondal, nalgunha das súas arroutadas de bardo bergantiñán que moi to tiñan de xenialidade e bastante (conste que seguimos na conxectura doada e indemostrábel) de enardecidas lecturas zarrapicadas de licor café e gorentosos biscoitos (pois ben sabe, señor, que a épica marcial do celta Gundar non está reñida cos doados praceres pacegos). Todos eles falaban de ouvido, citando ruxe-ruxes académicos e algunha que outra lenda de paisanos da bisbarra que algo tiñan escoitado dun libro gordo coma un porco da ceba e inzado de letras revirichadas do cal, por desgraza, nada se sabía ou todo se esquecera.

Mais, volvendo onda o noso estimado antepasado Antelo Posse, non é difícil imaxinalo instalado durante longos minutos naquel tremor reverencial que se facía pouco menos que esperábel e necesario ante tamaña descuberta. Pasada aquela primeira emoción, seguramente tomou papel e pena e dispúxose a reconstruír as poucas letras que ficaban en pé daquel texto, e nas que percibía estrañas analoxías coas ruínas daquela *Cidá* de Borneiro a cuxa sombra nacera

e medrara, e que naquel mesmo ano de graza de 1933 comezaran a emerxer das subterráneas néboas.

Nada se sabe daquela transcripción. É ben seguro que se extraviou no fragor da guerra que estalou apenas tres anos máis tarde. Porén, un sobriño de don Martiño, por nome Francisco Posse Turnes, veciño de San Pedro de Brandomil en Terra de Soneira, conserva aínda hoxe nun cartafol de cartolina azul un folio no que alguén, non se sabe se seu defunto tío ou algún dos seus bos amigos santiagueses, redactou de novo o contido daquel manuscrito, pondo o correoso galego antigo en ortografía de entreguerras. E velaí todo canto nos resta, hoxe por hoxe, daquel mutilado pergamiño no que algún monxe de San Xulián de Moraimo, sabe Deus con que secreto afán ou inexplicábel motivación, decidiu explicar en letra carolina as guerras, fames, fazañas, atrocidades, festexos, revoltas e pesares polos que pasara aquela remota comarca nos séculos precedentes.

Quizais algún día reapareza o manuscrito, ou no seu defecto a sinxela folla (supoñamos que cuadriculada e co recendo á tinta aínda fresco, se nos permite vostede estes cunqueirianos excesos) sobre a que voou estremecida a man de don Martiño Antelo Posse, convertido aínda que só fose por unhas horas en ledo amanuense. Polo de hoxe, conformémonos con esta versión que aquí lle remito e que algo pode calmarnos o apetito, xa que non a gula. Por ela saberá vostede (se é que non coñecía xa de antes o episodio) da ignominiosa afronta feita por Bernald'Eanes de Moscoso, magnate aínda hoxe lembrado como home temíbel e iracundo, ao moi alto arcebispo de Santiago, cando o fixo preso nunha gaiola que pouca máis altura e largura tiña có corpo do moi venerábel prelado, e desta guisa o paseou por todas as terras sometidas á súa xurisdición, exposto ao escarnio e á humillación. Lea pois, meu bo señor, e compoña no seu maxín unha idea das moitas marabillas e extravagancias que debía conter aquel códice...

[...] e dispois de profirida tan bárbara blasfemia agarroume polos meus lisos e olorosos grañóns o nunca ben nomeado e mil vegadas amaldizoado Bernald'Eanes de Moscoso o de gordos beizos colorados como baga de sabugueiro e introducíndome n'ó espanto d'aquela gaiola carretoume preso cativo reducido homillado ant'aquela súa espada que xá deitara n'ó frío chán a reises e señores e abades moitos de Deza a Bergantiños e de Pruzos ô Salnés [...] e n'aquela gaiola que ripinicaba coma os mesmísemos sinos de Santiago con cada croio d'ó camiño conducíume por páramos de toxos e lobos e impronunciábeles e reverichados nomes hastra aquel malfadado castro de Mallou onde as xentes carnotás porvistas de quedella irta e desdentadas bocas fixeron moi descomunal escárneo de min, seu bispo e señor natural, preso talmente coma can naquela gaiola y-arrebolábanme os malditos sen doo nin cristiana compaixón

castañas maiolas e anacos de bosta, se Deus me perdoe, e garabullos e baldes d'auga fervendo e todo canto aqueles paganos adoradores dos montes topaban ô [...] e deles laiaban "de lupis exagitandis, de lupis exagitandis" en espantoso latín [...] pois é ben sabido que nin siquera falan o romance e que o seu pan sabe a landra y-o seu viño a esterco quente [...] arrenegado sea Bernald'Eanes de Moscoso e toda a estirpe súa y-arrenegada tamén sea Carnota y-as criaturas que a habitan y-o monte que alí veneran y-o sol y-a lua y-as estrelas qu'alumean tan infausto país! [...]

**ALBA
PAYO
FROIZ**

Son Alba Payo Froiz da quenda do 1981, estudei Historia na USC, actualmente doulle á Historia da Arte pola UNED e ao Inglés na EOI. Recentemente publiquei O que Darwin non previu coa editorial Urco. Publiquei unha poesía; Matanza por Internet coa Solaina de Piloño. Participei no libro colectivo Deixade pois que voe o Paporroibo co relato A Roda. E publiquei na Revista Murguía de Historia Nº13: "A rede escolar no Deza e Trasdeza nos ss.XVIII e XIX.

A residencia

Antón aceptou sen dúbida o traballo de animador naquela residencia de anciáns perdida da man dun Deus que propuxera un edén para a fin dos días dos vellos mortais. Antón sabía que tiña que deixar a cidade, máis a urxencia do seu primeiro salario predominou sobre a súa fácil e ociosa existencia entre bares e amigos. A súa entrada en escena era inminente. “Sería posíbel que se incorporase mañá?, úrxenos!, “por suposto”. Non sabía se lle daría tempo de preparalo todo. Mentres aínda cavilaba no que se lle podía esquecer, Antón observaba a reixa daquel Valhalla que rodeaba o esperpéntico edificio ornado con paneis fotovoltaicos, onde asomaban, curiosas, as faces dos anciáns que agardaban a barca de Caronte. Timbrou e a porta necesitada de engraxamento xa se estaba a pechar ás súas costas. Un bedel de avanzada idade deulle unha forte aperta nas mans, “estamos moi necesitados, os anciáns teñen falta de risa, necesidade de felicidade”. Eu sabía que a risa era o mellor coidado paliativo para a última estancia digna na terra dos homes. Foi presentado con efusividade ao resto do persoal da residencia. Comezou a pensar que o bedel e mais el debían ser os únicos que tiñan soldo, acertadamente, o teorema de Antón foi resolto. As esposas de Deus, vestidas de branco ocupábanse das necesidades básicas dos habitantes dese limbo. “O médico vén todos os días á mañá á mesma hora, eu son enfermeira e ocúpome dos problemas que poidan xurdir o resto da xornada.” Teño que engadirche como dato curioso que somos o asilo cunha media de idade máis elevada. Dos vinte e seis anciáns, dezoito superan os cen anos e o resto de seguro que o fará”. Este dato optimista, en aparencia irrelevante, non cadraba con ningunha estatística lóxica, máis para que preguntar, esas monxas pouco menos anos tiñan ca os residentes, mais o seu labor era encomiábel. O cuarto onde ía pasar as noites era pequeno no entanto iluminado, desde a fiestra non se observaba ningún indicio de civilización, nin unha soa casa asomaba polo horizonte, raro, tendo en conta a dispersión poboacional do país. Quería que os vellos practicasen diversas manualidades para fomentar a mobilidade das falanxes e evitar así, as incomodidades da artrite ou da reuma. Había varios en cadeira de rodas, como o Manolo e a Engracia e outros que se achegaron con bastón, andador ou incluso con dúas muletas; chamoulle a atención unha anciá que se acercou movéndose sorprendentemente ben e que asegurou ter cento un anos que por outra parte se queixaba de que os seus fillos, netos e bisnetos non a ían ver máis que no Nadal, e a poder ser un día no que non houbese que perder ningunha festa. Á hora do xantar comeron todos no mesmo comedor, Antón sentou só, mentres as monxas axudaban, agarimosas, os vellos con máis dificultades para facelo. Logo comeron canda el mentres xa estaba coa sobremesa. O sol da mañá seguinte invitounos a seguir coas actividades manuais no exterior, aproveitando así as habilidades de xardineiros anciáns que plantaron

algunha que outra flor do seu gusto, para a tarde deixou a súa sesión de contos que acabou sendo un éxito aplaudido polas monxas. “Ao último monitor cumpríanlle as habilidades, a verdade estaban desexando probar algo novo, parabéns”. Na semana seguinte Antón adaptouse ás condicións climatolóxicas, facendo un pouco de ximnasia axeitada aos anciáns no interior posto que caeran unhas boas treboadas. “Estás en forma, o anterior monitor tiña demasiada graxa e apenas se movía máis ca min”, dixeran Amelia de cento seis anos, con sarcasmo. Antón observara que á hora da comida os anciáns entraban ao comedor sen ilusión, parecía que a cociñeira non era do seu agrado, mais el atopaba os callos e a carne asada deliciosa. “Supoño que a maioría teñen que comer sen sal e graxas”, e había moitos que tomaban comida en papas axudados polas monxas, nin sequera ese manxar podía ser gozado neste transo, ás veces indesexábel. Mentres saboreaba a posibilidade de gozar coa gula, veulle á cabeza que aínda non coñecía o doutor, máis ben non o vira nunca por alí. “É raro que non coincidamos, aínda que polo momento non houbo ningún problema significativo de saúde”. Antón ergueuse con sono, desde que comezara o traballo non volvera á casa e a penas tiña tempo de falar cos seus amigos, as oito horas laborábeis eran interminábeis ao residir no seu lugar de emprego. No almorzo as facianas depresivas dos vellos repetíanse, coma era habitual, á hora de botar algo á boca. Por fin conseguiran rematar a colaxe na que cadanseu traballaba. Na hora que tiña libre, antes do xantar, acudiu á sala de ordenadores, onde había varios vellos tentando utilízalos. Antón abriu o seu perfil de facebook e algún xornal de prensa. Mentres lía as súas mensaxes, formouse un rebumbio na esquina do cuarto de computador, eran as queixas a unha das monxas acerca do malo que era o xantar, mesmo chegaban a alporizarse, “xa está ben de agardar”, “eu estou perdendo forzas”, “creo que non esperamos”, “shshshs” “tranquilidade, xa queda pouco”. Os ollos pousáronse no perfil de Antón, sentíndose descuberto, e pódose vermello namentres metía a cabeza case literalmente na pantalla do ordenador. Ao día seguinte as queixas coa comida foron máis xeneralizadas e seguiron durante dous días. Antón non era quen de durmir, daba voltas e voltas, e cada pouco que miraba o reloxo, púñase máis e máis nervioso, creando un círculo vicioso que non o deixaba bicar as meixelas de morfeo. Ergueuse e saíu camiñar antes de cabrearse máis consigo mesmo polo seu desvelo. Camiñou polo corredor cun cigarro na man, trouxera unha caixa de tabaco por se acaso, malia levar cinco anos sen probar o sabor da nicotina. Calmose, de súpeto sentiu abrir unha porta, era o cuarto de Manolo e Engracia, o matrimonio en cadeira de rodas. “Pero como”, “por fin debín quedar durmido, claro e estou fumando”. Manolo encamiñouse a buscarlle un vaso de auga á súa señora, non se decatara da presenza de Antón. Ao volver veuno, “boas noites”, logo Antón oíu un ruxe ruxe na habitación. Á mañá seguinte Antón espertou e veu a cabicha do cigarro no chan do seu cuarto. “Non pode ser”. Esa mañá no almorzo, de novo

as mesmas caras de noxo pola comida. Manolo e Engracia entraron nas súas cadeiras de rodas axudados, coma todas as mañás, por dúas das monxas. Antón non puido esperar, “teño que falar con vostede en privado”, “dígolle que nos está enganando, camiña, Manolo camiña”, “non pode ser, débichelo soñar”, “fágame caso, vino, igual non quere ou esgotouno ocuparse da súa muller”, “ben ben, xa me encargo”. Aquela noite Manolo entrou de pé ao comedor, así como Engracia e o resto dos anciáns deixaron cadeiras, andadores, muletas ou bastóns, o ambiente era festivo, o aroma da felicidade respirábase sobre todo nos pratos da carne asada servida, “mmm xa era hora”, “estabamos débiles, eu xa case perdera a forza na perna, coma me pasa sempre”, “mellor ca o anterior, o outro era graxento”, “si, nótaselle o deporte, está boísimo, a salsa quedoulle deliciosa a Esther”, “mmm”.

* * *

– É vostede Noa Paz Víz, enviou o currículo á Residencia...si, gustaríanos contar con vostede...urxe a súa incorporación...si, podería estar aquí mañá?...Daquela, deica mañá.

XURXO MARTINEZ GONZALEZ



Naceu en Coia (Vigo) en 1984. Licenciado en Filoloxía Galega prepara a tese sobre *La Oliva* dentro dun grupo de investigación universitario. Colaborou en *Vieiros* n 'A Peneira deica cadanseu peche. Publicou diferentes traballos en revistas como *Grial*, *A Trabe de Ouro*, *Glaucopis*, etc. Publicou *Fuco Gómez* (AGER, 2007) e neste 2011 sairá de Edicións Xerais *Luis Soto. A xera pola unidade*. Actualmente colabora en *Galicia Confidencial* e *Altermundo*, preside o Colectivo Cultural A Nave das Ideas e leva a bitácora *O marmurio das ondas*.

A humillación da inocencia

Nos seus ollos de cen carballos atópase unha parte de min. Cesión voluntaria e confiada de quen cre no romper da primavera. Espella un aquel de meu que marchou. Non é madurar. Non é facerse home. Trátase do abandono xélido dunha crenza humana. Doe desfacerse dese farrapo. Parece un acto sacrílego.

Nesta mirada van anos de mocidade. Agora son un outro. Por iso observo distante e desafiante a fe rexeitada que se proxecta no seu rostro. E fere nas válvulas cardíacas como se baixasen devagariño a agulla de calcetar polo encéfalo dun bebé. Preciso asasinar parte do meu ser. Outra fase para evita-la evolución cara ao infrahome. Ei-la involución do noso tempo.

A forzada contención dos riscos faciais, redución ridícula dunha hipócrita postura, non evitan o silencio. O balbordo do bar é un borboreo á beira do regueiro cando dous homes se enfrenta nun duelo determinante para o futuro. Para un máis que para o outro. Razóns biolóxicas. Así é a atmosfera que sinto. Se disparo primeiro derrubaría un anaco de min. Dispararme é case o mesmo que recibi-lo disparo. Crer na eternidade... que delirio! Somos espiral en eterna creación, expresión inacabada, masilla do ser social. Só o golpeo transforma o carácter. Só a violencia exercida con fidelidade ispe a idea da nosa esencia. Malia que a ferida estea aberta e desborde o sangue nunha cachoeira que afogue e tinga de gris cinsento os tabiques deste cuarto, cómpre que fixe ferreamente a mirada nos ollos dun home columna-esteio coa base no ar. Torre de marfil. O deber de rachar comigo mesmo. O alento que expulso é parte dun acto bélico.

Agora, fita para min.

Ergue a cella esquerda e os ollos saen dun letargo, mentres os bugallos son barricadas da batalla. Pero non dobrego. A pelexa, no fondo, pertéceme e só eu decido sobre ela malia que estea impregnada nun corpo alleo. Aguanta desafiante.

Cando fita en min, metamorfoséase o esófago nunha cóbrega e o veneno acumúlase na traquea. A gorxa é un encoro degoirado. Cando o seu iris escuro, mouro e carbonizado trata de procurarme entón lembro as inclemencias verbais e a resposta coitada de quen non aspira ao conflito; lembro a voz e a intensidade sonora das palabras traidoras que gustan de crava-las unllas nos pulmóns e esgazalos calorosamente e a resposta submisiva de quen se sente un

pícaro sen saber que fixo. Quere dotarme dun papel nunha peza dramática que reside no seu maxín. Aceptara deica hoxe.

O dedo acusador do sangue dun xuíz refeito nunha sentenza: *política, ideolóxica e intelectualmente non temos nada que ver*. Así e aí está redactado o meu epitafio neste sartego sentado perante miña nunha cátedra vella de madeira. Golpearía cos nocellos esterilizados o mármore tan luxosamente labrado.

Un cacho de min está derrotado por vontade propia e, conciencia relixiosa que me abafa, sinto o seu peso de océano pendurado no meu esterno. Se fósemos quen de erradica-la memoria que nos magoa decote... pero, volveríamos entón pecar na mesma causa?

A acumulación da ignorancia debe ser unha das meirandes virtudes. Un logro excepcional. Non tinar de nada. Non coñece-la responsabilidade. Non comprende-la ética ou a moral. Para que? Para que nos vale? Para que ostias nos vale a conciencia se é un convite á contradición? Volver á patria da infancia e recitar Rilke sen entender ren. Que marabilla! Ficar alí perpetuamente. Sentar na alfombra da sala cos bonecos argallando historias mentres a mamai cose para Zara e o papai non chega até as 20h. Na imaxinación daquel cativo, que tamén fun eu, estaba o dominio absoluto. Agora retracto a este ser que, cos corvos encol os seus ombros, disimula non ter relación comigo.

Pero ser tan noviño faime cavilar e perdoar. Retorno da conciencia relixiosa! Ou acaso principio humanista universal. O rancor alimenta pero é produto caducado. Pasará factura no meu corpo.

Seino.

Exprésase o silencio máis rotundo.

* * *

Retira a vista.

Entón comprendo a derrota. E práceme sentila. Aí vai unha parte de min. Saudades? Posibelmente volvan aínda que xamais coma remorsos que fodan o meu carácter. Gústame desfacerme dese pedazo que me puido arruinar coa súa arrogancia. Nada doe máis que un xesto cariñoso seguido dun berro e o lapote marcado na fazula. A man, tristemente, ten o tamaño da miña.

Aconselláronme que me arrepentise do equilibrio porque din que é verba conciliadora. Xamais o fixen. Agora tampouco. Devezoo polo caduceo e polo número oito, polo signo zodiacal libra e pola balanza.

Sorrío, aínda que algo agre, cando se pon en pé e marcha. A súa mirada agora afíncase no chan sucio dunha cafetería do barrio dos arrabaldes. Cada vez que pestanexe lembrará que non foi quen de vencerme. Incluso cando teña diante o edificio máis monumental e imperial, sentirá o fracaso e as cabichas esmiuzadas da súa pretensión. Quixo gozar coa humillación da inocencia e agora está para sempre vencido.

Ninguén máis o volvería ver vivo dende entón.

MÓNICA ARMESTO FERNÁNDEZ



Poeta e narradora, naceu en Celmán (Paradela) en 1987. Estudante de Dereito e Historia na USC, leva acadada máis da vintena de premios no ámbito da literatura e da interpretación, entre os que se poden sinalar “Francisco Fernández del Riego”, “Lucus Augusti”, “Minerva”, GZCrea ou “Cidade de Ourense”. Así mesmo, conta coa publicación de dous relatos en “La Voz de Galicia” e participou en diferentes recitais poéticos.

Dous reás, nin un can

Axeonlhouse diante do Patrón. Antes de marchar quería-lho ir pedir. O Santo bendito mirábao con ollos de arrepío ó outro lado das reixas. Moitas veces oíra dicir que a clemencia cristiá non conocía límite e ogalhá iso servise lhe para alimentar a esperanza, a pouca que lhe puidese quedar. Agora, o santo mirábao con cara de reprimenda, talvez porque el non o fora visitar todo o a miúdo que quixera, pero qué lhe ía facer; corrían tempos moi difíciles. Demasiado, incluso, para se facer o beato.

Ergueuse e saíu de alí. Qué diría o Suso se o vise. “Ese malnacido!”. Anoxouse de súpeto e cuspiu a un lado. “Pouco menos merecía ca tiralo á cortinha e que o comesen os corvos!”, como dixera o da Casa Grande uns días antes. Atrás unhas leguas, deixaba a velha na casa pasando as bólas do rosario. Os outros, estarían todos rezando e, el mesmo, o velho, non había nin un minuto que lhe estivera pedindo misericordia a San Amaro. “Que dis de o guindar á cortinha, Andrés?...”. O cura saltara escandalizado. “Ó monte!... Como morren os xabaríns!. Coma os propios corvos... Os lobos e mais o resto das animalias, porque ese no adro da parroquia non se enterra!”. Os demais homes agocharan a cabeza, facendo que non oíran.

Todo o mundo se decatava do que sufría o velho e mais, ó mesmo tempo, nin se figuraban canto. “En fin, rezar por un carneiro!...” Na casa andarían a lhe pregar por un milagre á Virxe, canto menos para que o velho fose quen de resistir sen dar volta na metade do camiño. Mais iso non lho ían deber tanto á Santa como á Manuela: “Pero, home, ímolo deixar así, tirado coma un can?. Mira, ti vas e falas co xuíz...!” A velha nunca se puxera tan teimuda: “Pepe, que si!. A semana pasada oín falar del gardando cola e disque xa vai máis dun ó que favoreceu!... Ademais, seica almorza moi preto do cárcere. É doado dar con el. Dixéronme do sitio!... Pon, por Deus, a man no peito e dime se non che gustaría ter a mínima esperanza de morreres ti antes ca un fillo!” Manuela estaba fóra de si. “Vas e faslhe un agasalho, aínda que sexa!” A carón del, a cativa da casa tirábalhe da camisa ninfrando: “Ai, meu pai, vaia!...”. Sorbía os mocos ó falar: “Váíase aló polo Suso!... Anque lhe tenhamos que dar o cadeliño pequecho ó xuíz pra que volva!”.

O can. Nin un can tinha el: un par de zocos, a camisa limpa dos domingos e a Lugo! Soltou unha gargalhada nerviosa. O velho pasaba da rabia á tristura en cuestión de intres. Andaban na súa casa como para comprar a un xuíz, cando non deran xuntado nin para a esmola dun santo! Deulhe outra idea. Volveu á

capela e achegouse ó tragaluz de ferro. Pechado, ó outro lado do portón seguía o San Amaro igual de ilhado do mundo que facía un minuto, empolinguado nas pedras do altar e con ese olhar que facía que o levara o demo. “Santo bendito, se as miradas matasen nin eu nin ningún dos da minha casa seríamos aínda máis mártires. Pídoche... pedímosche, por Deus, que nos axudes. Ben sabes que non fomos nós os que lle metemos esas ideas ó rapaz na cabeza, pero tampouco era el dos que andaban a queimar conventos. Axúdalle, San Amaro, porque ten razón a Manuela en que non quero morrer nin vivir sen el”. E despois de facer o sinal da cruz de rigor, abriu a bolsa que levaba agochada debaixo dos pantalóns. O velho rispou unha moeda das máis pequenas polo oco das reixas. Unha menos de entre as poucas que levaba para lle facer o agasalho ó xuíz. Así e todo, non estaba de máis repartir cos santos por se non abundase coa dádiva dun xornaleiro. “De ter maneira, aínda lle ponhería unha vela”.

Pero como non a tinha, seguiu o camiño. Agora, as moedas tintinaban unhas contra as outras, de novo gardadas debaixo do pantalón. Pasou arboledos, leiras e campazos. Era o tempo de botar as patacas e, a cada pouco, sorteaba xugadas que araban nos sucos. Ía deixando cada vez máis lonxe aqueles arboledos, esas leiras, estas vacas. Por atalhar as corgas, saltaba un valado tras doutro. Fixera un día de máis calor do normal para época do ano e o sol da tardinha aínda caía xusticeiro. Detívose un anaco para colher folgos. Asomábanlle as súes por debaixo do sombreiro. Mancábano os zocos. O velho xa non estaba para aqueles trotes e pensaba en cómo resistiría a boa da Manuela, semana tras semana, cargada con cestas de comida a Lugo. For como for, el tamén debía chegar aló e, para ben ser, antes dos escureceres. Tinha que atopar a aquel home antes da hora do xuízo. “Bule, Pepe! Se non podes, vas de arrastro!”. O peor era se perdía os cartos: durmiría coma un xabaril entre as xestas coa bolsa asida ó peito. Ben pensado, de non ser porque as pólas grosas sobre as que armara a cama se lle cravarán toda a noite nas carnes. O velho ergueuse con peor dor de alma que coa que se deitara. Non daba creto, afeito a durmir tantas veces a ceo aberto que agora se lle fixese tan complicado. “Os anos, sonche os anos, meu!. Para ti xa remataron os tempos da troula e do moceo”.

Deu chegado a Lugo nas primeiras horas de claridade. Tivo que preguntar dúas veces para dar co sitio; el, un paleta desfarrapado, de boa manhã, ó que todo o mundo lle adivinhaba a pinta. Maldiciu a vergonha contra a luna dun comercio. “*Relojes y objetos de segunda mano*”. Semelhaba un espantalho das leiras cun sombreiro de palha, o chaleque e a camisa de facía vinte anos e unha faldriqueira de céntimos sobresaíndo, estupidamente, da cintura do

pantalón que non lle daba nin para mercar unha alfaia usada. Deu volta por onde chegara, repicando cos zocos, e colheu cara a cantina que lle indicara a Manuela, alí, facendo esquina co cuartel do cárcere. “Ten que ser esta, non hai outra”. Entrou. Polos días que lle quedasen –pensaba-, deberíase armar de valor e manter a esperanza de volver ver o Suso vivo. O pobre velho, sen saber moi ben por onde tirar, dirixiuse a un home gordo que lía o xornal detrás da barra: “Sabe se vai vir por aquí o xuíz Benavente?”. O camareiro sinaloulhe unha mesa ó fondo sen lle facer moito aprecio, como xa se tivese ben fixada a ubicación de cada cliente. O velho mirou para atrás. Era bastante cedo e xa soamente quedaban dúas mesas libres. Aló ó fondo, contra a fiestra que daba á rúa pola que el vinhera, un individuo aparentemente alto, cano, esbirrado, aparentemente nos corenta e tantos, ataviado elegante cun traxe negro bebía dunha cunca con certo melancólico. O velho quixo abrir a boca para dicir algo xusto cando o camareiro lle preguntou qué desexaba tomar. “Non, síntolho, eu non vou almorzar nada. Só venho a que me cobre o café do xuíz”.

Entón si que ergueu a vista dos papeis con cara de pasmo absoluto. Cando por fin reparou nel débúselhe pasar un “pobre velho” polo maxín achatado coma unha mazá de outono. A vacilación foi cuestión duns segundos. Aínda coa impresión a medio dixerir, o camareiro incorporouse, arrolando os noventa e moitos quilos de peso cara a mesa do fondo. “Parece que o invitan, Benavente”. O xuíz revirouse cara a man que se lle acababa de pousar no ombreiro co mesmo aire sosegado que co que sopraba e bebía. O camareiro fixo un aceno. “O home que está diante da barra... E dixo non sei qué de que antes de vir para aquí lle deixou esmola a un santo”. O velho ficaba alí, espetado tal cal unha vara das fabas, co corazón nunha punhada, resgardado tralo sombreiro de palha que colocou en actitude solemne contra o peito, non se lle fose saír. Levaba os pantalóns esfianhados polo fondo e os zocos enlameados de andar moitos quilómetros. De lonxe, ben se vía que aquel penitente pasaría o resto do día sen nada que comer.

BRAIS ZAS



Brais Zas naceu en A Coruña o 3 de Xullo de 1984. Afeccionouse a escribir dende cativo, tendo gañado na súa infancia algún que outro premio de relato breve e poesía. Hai uns anos volveu a retomar a afección de escribir e tén publicada a colección de relatos *Arredor do Paraíso* (A Revoltaina Cultural da Beira de Bergantinhos), 2010. Reside en A Laracha.

Lúa da Laracha

Xosé Camafreita subiu a costa da Areosa tarde, á deshora. Os veciños durmían e os cantos dos grilos, xunto cos estarrecedores berros ocasionais dalgunha curuxa eran as únicas mostras de vida a aquelas horas. Coma un preadolescente ilusionado cunha cabana de madeira que encher de segredos, no medio de árbores e vexetación, debecía por saltar o ribazo e internarse no monte alumeándose cunha pequena *lus de pila* que decote gardaba nun peto dos seus vaqueiros negros gastados, igual que roída estaba a cazadora beige entallada que o vestía de cintura para arriba; debecía por chegar á cabana na que vivía, ou, dito de maneira máis fiel á realidade, á que cada dous ou tres días ía durmir, logo de días perdido polas rúas e as tabernas da Laracha.

Curtido de vida arrastrada e cunha corrente alcólica perpetuamente fluíndo a través do sangue, non tremaba nin sentía ansiedade algunha cando entraba no souto en completa escuridade, habitado tamén por raposos, coellos, esquíos e centos de bechos menores. El, Xosé Camafreita, artista multidisciplinar fracasado, bohemio dende a adolescencia, antigo neno de familia acomodada ligada á administración da xustiza, piltrafa humana que cabalgaba sobre a vellez prematura con rasgos de alcolemia na cara, corpo de pel e ósos sós, barba medrada dun mes, greñas silvestres, vivía, ou durmía de cando en vez nunha cabana de madeira abandonada dun souto, que nenos de noutro construíran para satisfacer primeirizas ansias de independencia e intimidade.

Avanzaba paseniño pola estrada, a gusto coa súa invisibilidade das catro da mañá. Ao pasar diante dalgunhas casas ladráballe algún can e maldiciao para o seu chaleque, anoxado con calquera manifestación allea da súa propia existencia. Na Abeleira, víase no salón dunha casa de dous pisos, enriba da corte das vacas, tras unhas cortinas claras, unha lámpada esférica pendurada do teito, único síntoma de vida humana na zona, que lle recordou á lúa de dous días antes, ben preñada de luz emprestada, incrivelmente redonda, por enriba dos edificios da Laracha, alumeando o letreiro do seu único hotel.

A última baixada trouxolle por fin o aroma do souto, dos castiñeiros e dos carballos, dos toxos e das fieitas, e pouco despois subía por un carreiriño no ribazo que era a súa entrada particular, traballada polos seus pés en noites e días de ir e vir. As follas dun castiñeiro novo fixéronlle cóxegas no nariz, e baixo os seus pés algo se moveu, mais Xosé nin se inmutou. A pendente ascendente do souto foi vencida polas súas pernas fracas e cansas, como todo o seu corpo, esquerquenado. Había que ter cualidades de felino para chegaren

á cabana de noite e entre as árbores, ou ese instinto que o orientaba desenrolado ao longo da súa vida vagamunda.

Xosé abriu a porta da cabana e unhas vellas e oxidadas bisagras rincharon suavemente. Deu un último golpe de luz co seu foco, coa pila xa escasa, e tirouse nun xergón que consistía nun par de mantas, algunhas toallas e un feixe de roupa amoreada. Dormía vestido, estaba acostumado, e máis ou menos a metade das veces non quitaba nin o calzado. Foi como fixo ise día, deixándose caer enfermo de cansazo disposto a vivir un momento longo de gloria e paz, de evasión e entrega aos delirios dos soños que sempre soñaba. Naquel intre, até se sentiu orgulloso da súa vida carente de rutinas e obrigas. Sentíuse rico, posuídor dos máis prezados bens, o tempo, e a liberdade.

Tirouse no xergón e botou a manta por enriba, pouco frío facía e a súa pel xa se tornara dura e insensíbel. Quedou durmido cun sorriso nos beizos, de persoa sedada por algunha sustancia que lle producía soños felices, inda que a sustancia que o facía sorrir era a súa propia fantasía, que cada día construía outro anaco dun mundo paralelo e confundía inconsciente e interesadamente coa súa propia realidade. Soñou primeiro que un animal andaba uliscando arredor da cabana, tentando meter o fuciño por un oco que deixaba a cabana entre a porta e un tabique lateral; un oco que foi esaxerado nas súas visións oníricas. O animal era unha especie de esquío xigante, que unha vez canso de empurrar coas patas a cabana e facela abanear, marchaba dando chimpos e subía polo carballo máis grosso para ir meterse na súa propia cabana, feita de pólas perfectamente trenzadas e amarradas con cordeis vermellos de atar as alpacas.

Xosé esperta, envolto nun ruído enxordecedor que lle rebenta os miolos. O estrondo é moi próximo, e nun primeiro intre non cae na conta de que aparello procede. escoita unhas voces falar case a berros. Colle ás apalpadelas un Casio coa correa cortada a ámbolos dous lados da pantalla, pousado preto da súa cabeza, e mira a hora. Son máis das seis e media da tarde. A claridade case non entra na cabana, poucos ocos hai nos tabiques, a construción fora feita a conciencia polos nenos de noutroa. Érguese e desata o cordel que mantén a porta pechada, dunha punta no lado dereito da mesma. Abre. Dous homes están a cortar sendos carballos a poucos metros de distancia. Intúe que a seguinte vítima será outra árbore cuxas pólas levitan enriba da cabana facéndolle un segundo teito. Quédase de pedra diante da casopa. Un dos operarios que manexa a motoserra dáse conta da súa presenza, e para de cortar, xusto no intre en que Xosé da media volta para meterse na súa morada. O estrondo da outra motoserra tamén cesa.

Recolle as mantas e as toallas, facendo delas un bolo. Méteas na mochila na que garda todas as pertenzas; tén que deixar algunha roupa na casopa, porque toda non colle no interior da bolsa. Sae da cabana coa mochila ao lombo. Dóelle o corpo, e o estómago valeiro. Tén os ollos cansos e as pálpebras hinchadas, e a resignación a unha vida de can é o único que o mantén en pé. Un terceiro home, que non é ningún dos operarios, achégaselle amodo, desconfiado.

– Pero, vostede quen é? E que fai aquí? Este é o meu souto...

– Non se preocupe, non se preocupe –di Xosé facendo un aceno coas palmas das mans abertas cara ao propietario-. Xa me vou. Non quero molestar, non viñen facer mal...

– Pero que fai ahí? Na cabana dos rapaces? Que o meu rapaz xa está casado... Vostede non ve o perigo que correu? Imaxine que en vez do carballo aquel cortamos este e lle cae enriba da cabana –di sinalando o carballo que emerxe a medio metro da casopa -Esmágo...-

– Si...si...tén toda a razón...xa marcho, non quixera molestar –é o único que acerta a dicir Xosé, apampanado ante o inesperado da situación.

Xosé non di nada máis e vaise por onde viñera. Así é, que anda por carreiros que fixeron os seus pés e que só el coñece. Sobe o ribazo e vai parar á estrada. A mochila ao lombo é o seu mundo, e o seu mundo vai ás costas con el e non tén onde metelo. A barba pícalle na cara pero non tén unha billa nin unha coitela para enfeitarse. O sol dá calor. Os pés súanlle, quixera quitar os calcetíns gordos e deixalos respirar. Despréndese da cazadora e amárraa nas ásas da bolsa. Un can negro ládralle histérico, cuspindo saliba en cada ladrado, asañado cos lindes da súa cadea, o correón fréao en seco a cada carreira que dá querendo fuxir da eira. Xosé mira para o can e di en baixo: “vaste esganar, amigo”. Unha señora sae da casa en bata. Nas escaleira de diante da porta, cruza os brazos e mírao estrañada, acompañando o seu avance pola estrada coa mirada.

Xosé desexa a noite e a invisibilidade, e recorda, e ansía, o frescor da noite, a cabana no souto. E a lúa da Laracha.

ALBERTO RODRÍGUEZ DÍAZ



Alberto Rodríguez naceu en Ourense en 1982. Licenciado en Dereito pola Universidade de Vigo, é funcionario da Dirección Xeral da Mariña Mercante na Capitanía Marítima de Vilagarcía. Compaxina este traballo co de crítico cinematográfico en Radio Allariz. Como escritor obtivo numerosos premios como o Ánxel Casal, o Manuel-Oreste Rodríguez ou un accésit no Certame de Narración Curta Ánxel Fole de Lugo.

O reloxo do primoxénito

Ao empardecer, cando o sol baixa pesadamente dese xigantesco poleiro celeste, coma as pálpebras dun doente e un vento serantío propón aos fentos a súa enigmática contradanza, o primoxénito dos Santás, Fideliño, roibo coma o relicario da Santa Águeda e lanzal coma unha espingarda, correu lameiros abaixo, brincou marcos e eludiu silveiras, sempre mirando de non estragar o vivaque dos grilos cantores, buscando a cicatriz do río coma quen busca un xemelgo, co arelo instintivo e esencial de quen colle un espello para comprobar que existe. Reflectiuse naquelas límpidas augas e sorriu con deleite. Existía.

Tic-tac, o reloxo oignon foi o agasallo do avó Filomeno cando Fideliño fixo doce anos, no día de Santa Clara. *“¡Jasús –exclamou a nora- pero como se lle ocorre darlle ao neno un trebello coma este. Pensará que é un señorito.”* O cativo fitou abraiado para aquela máquina tan estraña e maravillosa. En realidade, el coidaba que o reloxo era o xoguete máis fascinante que xamais ía ter, un xoguete con corazón de seu e pel de latón.

Saturio non era quen de apartar os seus olliños de acibeche do *cebolón* de seu irmán maior. Non parecían da mesma familia. Un era alto e estirado, longo coma un día sen pan e o outro pequenote e achaparrado, un bazuncho taciturno e miope que axiña colleu volcánicos ciumes do agasallo ao primoxénito. Entón decidiron regalarlle unha buxaina, pero a súa hipnótica rotación non contentaba ao amoucado raparigo. Un día o avó Filomeno, mentres cargaba cavendish na súa vella cachimba de breixo, pariu unha idea definitiva.

Por catro cadelas fixéronse co can palleiro dun que traballaba na Cepillera, que quería desfacerse del e andaba a paus co infelice animal. Sí, para o avó Filomeno, a alternativa máis acaída para o ciumento Saturio era nin máis nin menos que o can Valentino. Nos días seguintes, mentres o reloxo do primoxénito daba as horas, Saturio e Valentino tentaron facer migas sen conseguilo. Eran caracteres moi diferentes.

A desgraza comezou a cocerse a lume lento o día no que Saturio escoitou a Ovaldina Blanco dicir que non había nada mellor neste mundo que un mozo cun bo reloxo pendurándolle do peto. *“O reloxo dá señorío, eu pensó casar co primeiro que me saque a bailar na verbena e teña un bo reloxo deses e gaste levita de solapas amidonadas.”* Os miolos comezaron a ferverlle ao pobre Saturio como ferve un pote na lareira. Estaba na enxerga, deitado boca arriba, fitando apampado para unha avelaíña que chocaba torpemente contra a bom-

billa, improvisando sombras expresionistas que eran coma os trasnos que lle corrían ao rapaz polo maxín. Se Fidel non lle daba o reloxo polas boas, habíallo dar polas malas. Pero Fidel non tiña previsto ceder o seu prezado agasallo a ninguén, nin que fose o seu propio irmán pequeno, aínda que devesese por ir, coa leontina asomando no chaleque, falarlle a Ovaldina Blanco, que tiña ollos de gata rabuda e dicíanlle “a Sacristana”, porque era a filla do sacristán na igrexa de San Salvador.

O tempo pasou mainamente. Fidel fixo carreira en Santiago e, cando veu a República, traballou de perito agrimensor para o Instituto de Reforma Agraria, sendo ministro Marcelino Domingo. Saturio quixo facer Dereito, pero non foi quen. A súa mellor carreira era Ovaldina Blanco, á que aínda amaba en segredo pero que se falaba con Segismundo Toral, fillo do xastre de Veredo.

Cando se declarou o estado de guerra, Fidel, que traballaba en Madrid para o Goberno de Casares Quiroga, estaba de licencia, visitando o avó Filomeno no panteón familiar dos Santás.

Coa guerra principiou a negrura a avanzar sobre a claridade, decretouse a caza do home e, daquela, os seres humanos xa non se diferenciaban dos lobos, dos teixugos, dos cans asilvestrados ou de calisquera animalias dos bosques.

Fidel Santás, o perito agrimensor dos roxos, estaba moi arriba na lista negra dos alzados, así que Saturio viu a ocasión máis axeitada para facerse co reloxo e poder presentarse formalmente perante Ovaldina Blanco. Cuspiu todo o odio, toda a carraxe que lle corroía a alma, que lle rillaba o corazón coma o caruncho rilla na madeira e foi denunciar o seu irmán maior á casa dun preboste da Falange. “*Na casa temos un can que sempre está con el. Valentino ha dar co seu rastro con facilidade. Xa verán.*” Pero cando os criminais chegaron á casa dos Santás, Fidel xa fuxira.

Nembargantes esqueceu o valioso reloxo encol da cómoda. Saturio abriu moito os ollos. Por fin. Ovaldina Blanco non ía poder resistirse a un home tan elegante. Os falanxistas correron detrás do can Valentino, seguindo un rastro e chegaron ata un cabaceiro que había un pouco antes de chegar a Taboadela, nun terreo sementado de millo e que marxeaba con Río Vello.

Os cans teñen entendemento, tanto coma os homes, pero ás veces son igual de crueis. O fulano que había no cabaceiro tremía coma un vimbio. “*¿Es ti Fidel Santás? Contesta, cabrón.*” O suxeito negou coa cabeza. Pero alguén apuntou “*se o can nos trouxo ata aquí é porque se trata de Fidel Santás.*” O home era

en realidade Telmo Barandela, que estaba afiliado ao sindicato e traballaba na Cepillera. O antigo propietario de Valentino, que adoito lle traballaba o lombo co mango dun angazo. Mentres os sublevados tiroteaban ao falso Fidel Santás, o verdadeiro collía camiño das Américas, nun grande barco de exilados. O seu nome foi borrado da lista negra, deixou de existir. O derradeiro disparo sonou ás catro e media da tarde.

Ovaldina Blanco casou co fillo do xastre de Veredo e nunca volvería os seus ollos de gata rabuda para Saturio Santás. Que desgraza. Por máis que teimaba en poñelo en hora, o reloxo sempre facía o mesmo, retrasaba e retrasaba ata as catro e media. De aí non pasaban as agullas. Ese era un misterio que ningún reloxeiro conseguiu resolver.

Ao adecentar a corda da que ía pendurar de alí a uns minutiños, Saturio lembrou amargamente as verbas de seu avó Filomeno, mentres cargaba *cavendish* na súa vella cachimba de breixo, durante a sobremesa dalgunha Noiteboa pretérita.

“Despois do asasinato, o peor que se lle pode facer a un home é roubarlle o reloxo, porque é como deixalo sen referencias, sen a conciencia que lle lembra que aínda está aquí, sen o compás que vai trazando os tortuosos círculos da súa existencia.”

CELIA PARRA




Foto: ©Xesús Fariñas Navarro

Celia é unha ourensá estudante de Comunicación Audiovisual que sente especial debilidade polo celuloide e a alquimia das imaxes proxectadas co cinematógrafo. Gosta enormemente da música, o café, o recendo a pan acabado de cocer e o eco da Berenguela percutindo na Quintana. Tecedora de letras a tempo parcial, botou a navegar o seu primeiro barco de papel *No berce das mareas* no 2009, aínda que ten embarcado como mariñeira en diversos premios literarios, coma o Ánxel Casal, o Minerva, o María Mariño e o Xuventude Crea. Actualmente dedícase a sementar cando pode (e cando lle deixan) a palabra en todas as leiras que atopa.

De fotografía e outras artes

Namorar é como tomar unha fotografía.

O comezo é un cadro desenfocado. Ó lonxe unha figura de bordes esponxosos e tacto difuso, da que apenas coñecemos os seus contornos básicos. E aínda así hai algo (ese algo) que resalta nesa masa informe e nos empurra a esculcar con máis atención. Mais, ai!, desde o momento en que entornamos os ollos para definir a imaxe, entón o proceso xa é imparabile. É ter a certeza de que o dedo que descansa fraxilmente sobre o disparador algún día acabará pousándose de todo, estea ou non preparada a composición do cadro.

Coñecer á persoa é ir enfocando as súas liñas, tantear co diafragma ata onde chega a profundidade de campo e mergullarse nela. Ás veces pode pasar que esta opoña resistencia, que se manteña desenfocada. É aquí cando cómpren as mellores habilidades do fotógrafo para lograr compoñer ben a imaxe, mais isto require práctica e tempo... por iso a miúdo se tarda tanto en quitar unha fotografía. Pola contra, tamén pode suceder que o elemento a enfocar teña unha profundidade de campo máis ben pequena. Neste caso convén reaxustar o diafragma e ollar ó fondo do plano, onde seguramente apareza un suxeito máis atractivo e interesante para o obxectivo.

Mais volvamos á profundidade. É curioso como ó mesmo tempo que afondamos dentro do plano o exterior se vai facendo máis definido, nese longo proceso de enfoque que é o coñecemento. E, de repente, chega un día no que a composición da imaxe é perfecta e a persoa resplandece en toda a súa nitidez. E daquela é cando, sen previo aviso e cun sonoro estourido, salta o flash, unha luz que explota desde dentro cara afora e inunda o encadramento. Unha luz que cega e imprime nas meniñas un resplandor branco, que xa non deixa ver, que só deixa ver a luz reflectida nos outros ollos. Entón xa non fai falta entornar as pálpebras, senón abrilas moito, eliminar do encadramento toda porción de mundo que non sexa o obxecto enfocado. O amor é un flash continuo que invita a descansar na profundidade branca do plano. É ese punto de fuga onde todas as liñas converxen e cada segundo é un paso máis de diafragma.

(O problema vén cando se ten a cámara avariada...)

VIDAL



Vidal nace en Lugo a finais do 79, clase obreira. Intenta traballar de todo un pouco (mozo de almacén, comercial, administrativo, peón na colocación de valados publicitarios...), con pouco ou ningún éxito. Mentres, resulta premiado en varios certames literarios de pouca sona, participa en volumes colectivos e publica en solitario *A Balada Do Nudista Caviloso* (Sotelo Blanco). Asina como Vidal porque lle atopa o seu aquel a ter sido o único neno de 3º a 8º de EXB do seu colexio ó que tódolos outros nenos chamaban así, por un apelido. Garda varios manuscritos no disco duro, a un dos cales pertence o presente relato.

Adaptación

Escoita o que che vou dicir, se cres que TI o pasas mal. Atende, home, atende. Xa que andas con esa teima de que se todas e todos son estúpidas e estúpidos agás eu, que se todas e todos están trabucadas e trabucados agás eu, que se tódolos peidos cheiran agás os meus... Se vas por ese camiño, has coñecer un par de verdades. Dígocho EU.

Atende:

Teño un emprego no que traballo por tres cobrando por medio traballador, e un xefe feo coma unha dor que sempre anda agardando que me quede soa para arrimarse coas intencións que ben supoñerás, e compañeiros que só che botan unha man ó pescozo. Nin sequera me gusta ese emprego. Moitos borrachos e mala xente, de noite. Só me axuda a paga-los estudos.

Pero eu intégrome.

As fins de semana que libro vou por aí á noite coas e cos miñas e meus amigas e amigos. Case sempre a locais ateigados, escuros, ruidosísimos, abafantes, sen unha ruín saída de emerxencia; calquera día pasa algo e caemos todas e todos coma moscas. Non me gustan eses ambientes, elas e eles en cambio pásano moi ben. Preferiría algo máis acougado, música boa a un volume intermedio, nun sitio polo que poder andar sen estreitezas e non rematar enchoupada en suor e onde poder pedir unha copa na barra e entenderme coas e cos demais sen berrar.

Pero eu intégrome, e xa está.

Teño as e os peores veciñas e veciños que poidas imaxinar. Ninguén paga un recibo e por enriba atrévense a virme petar na porta, agora que levo a comunidade (e iso que estou de aluguer, os donos atoparon unha parva), cada vez que se funde unha lámpada. Algún ou algunha, seguramente algún, seino positivamente (o de positivo é un dicir), mesmo as rouba, xunto co extintor do descansiño e o felpudo do portal, e mesmo se mexa (si, méxase) no ascensor para "boicotea-la miña xestión". Como o oes.

Pero intégrome.

Quen foi meu mozo andou por aí adiante sementando o rumor de que me deixou porque eu me deitaba con homes para me pagar caprichiños (para el, por poñer un exemplo, os estudos universitarios non pasan diso, e malia todo non caín nesas... *tentacións*) e construír nalgures un chalé (?). Podes crelo? A verdade foi que o deixei eu a causa das súas... *ambiguas diversións nocturnas*. Pois resulta que a bola colou. El sempre che tivo un certo imán para as relacións sociais, non se lle pode quitar. Cae ben a calquera con só chiscar un ollo. É un don que se ten ou non se ten, sinxelamente. Sempre pasou, pasa e pasará polo tío máis grande que pisou o planeta. E por vítima indiscutible, cando lle convén. Quen se fode son eu, que quedo en cambio por puta e víbora e xa non hai xeito de desmentir nada nin de probalo contrario. Será intentalo, daranme a razón coma ós tolos e seguirán a pensa-lo mesmo.

Pero sigo integrada. Non hai sorna. Eu *sigo* integrada.

Moita xente da que me rodea fai cousas que me crispan os nervios. Non todo o mundo ten o meu concepto da moral, da intelixencia, do sentido común, da xustiza. Non todas nin todos son coma min.

E eu intégrome, comprendes? Intégrome. Non pasa nada, non hai problema. Respecto ante todo. Reprimir o egoísmo. Porque, sabes?, penso que tamén eu podo resultar incómoda para as e os demais. Velaí a clave: sempre hai que poñerse no lugar de, para mellor entender. Repara nisto: se algún aspecto do meu comportamento amolara a quen me rodea, tampouco me había gustar que me deixaran aparte.

E a ti? Dime. Gustaríache?

Por iso, repítoche, non me veñas coa túa intolerancia. O que vou facer hai que facelo. É necesario. Nada do que digas me convencerá para botarme atrás. Se cadra deberas aprender de min. Mira o que che digo. Ti, que descoñece-lo significado de palabras coma abnegación, sacrificio. Que e-la debilidade no peor sentido da palabra.

Son os seus ideais e eu respéctoo. Sei que debo axudar. Tamén que se me botara fóra deste asunto nada volvería se-lo mesmo entre elas e eles e máis eu. Hoxe podemos chamarnos amigas e amigos; non quero que isto cambie. Así que eu adáptome, para seguir integrada.

Non será ningunha salvaxada, por moito dereito que teñas a chamarlle como queiras. Será unha manifestación de compromiso cuns ideais, rebeldía e resistencia á opresión. Eu encargareime de distraer-la atención dos de seguridade. Confío en que todo sairá ben. Serán elas e eles quen coloquen o aparello nos baixos do coche. Así que coidado co que dis, ou co que pensas aínda que non o confeses, antes de coñecer nada desta historia.

Dígoche que non será nada grave, nin sequera mortal. Ou por quen me tomas?

Se cadra cometín un erro contándochos. Considérote meu amigo (como as e os considero a elas e a eles, por iso fago o que fago, por elas e eles), a pesar do que me estás dicindo. Desafortunadamente falta de fe nas persoas e na amizade e na vida que intúo en ti. Defraudaríasme, caso de atopar en ti eses prexuízos. Defraudaríasme *moito*.

EVA MOREDA



Teño trinta anos. Levo vintecinco escribindo e a metade deles publicando. Durante este tempo, construí e deconstruí varias veces o que é para min a literatura. No último ano, mesmo comecei a imaxinar un mundo posliterario. Ou, máis ben, como a miña visión non dá para tanto, unha eu posliteraria. Da eu preliteraria xa non me lembro. Outras persoas dixeron da miña literatura que é emocional. Durante varios anos, reneguei desta definición. Supoño que me soaba demasiado a *chick lit*, aínda que, dado que neste país (este país é Inglaterra) hai quen considera que Oscar Wilde é *chick lit*, se cadra facer *chick lit* non está tan mal. Non sei se son emocional ou non. Si que son moito de personaxes, que, despois de todo, non son outra cousa ca emocións. Gústame que os personaxes se me revelen ao comezo e se me rebelen despois. Aínda que algún se me rebelou tanto –como a Rita de *A Veiga é como un tempo distinto* (Xerais, 2011), a miña última novela- que lle deixei de falar.

Marta Enqvist visita Malta

– Pode pasar. A *signora* Camillieri está sóa.

Marta Enqvist fai un xesto de agradecemento coa cabeza ao asistente e cruza a porta do camerino. Non é máis ca un cuartíño desvalido cun espello, un tocador, un sofá vello. Seguramente o Teatro Aurora de Gozo non dea para máis.

– Boas noites, señora inspectora.

Aurora Camillieri, aínda vestida co traxe de noiva manchado de sangue que esixe o papel protagonista de *Lucia di Lammermoor*, sorrí sentada diante do tocador e faille un xesto a Marta Enqvist para que sente no sofá medio afundido.

– De verdade, inspectora, sorprendeume vostede. Xa sabía que era vostede unha persoa culta, pero vir facer turismo operístico a Malta xa é pasarse un pouco de rosca.

Marta Enqvist segue sen atopar as palabras.

– Non -di finalmente-. Vin aquí polo sol e as praias, e de casualidade souben que hoxe poñían *Lucia*. O sol e a praia acaban cansando. Tamén me chamou a atención a foto túa que puxeron no póster. Resultábame familiar aquela cara. Aquela ollada. Pero non caín ata *Il dolce suono*.

– Xa. Eu, cando ataquei *Regnava nel silenzio*, xa te tiña calada.

Ela antes. Sempre máis rápida. Sempre máis lista. Pero, en lugar de dicir nada diso, di:

– Se me permites o cumprido, non sabía que tiveses unha voz tan fermosa.

– Antes de meterme no Exército de Liberación, estudei canto nos mellores conservatorios do mundo. A que o servizo de intelixencia da Policía Nacional Galega non sabía iso? A que asumistes que unha terrorista, como vos gusta chamarnos, non ía ter sensibilidade ningunha pola música e a arte? Pois xa ves, señora inspectora.

Aurora Camillieri queda calada un momento, con expresión pensativa. Despois continúa:

– De todas formas, non penses que ser *prima donna* en Gozo é especialmente glamouroso. Entre estes e os de Valletta, chámanme para tres ou catro óperas ao ano, e o resto do tempo pásoo no porto de Sliema, vendendo billetes para o trasbordador.

– A vida é dura para todo o mundo. Supoño.

– Xa. A ti aínda non te ascenderon a comisaria, non?

Marta Enqvist nega coa cabeza. Aínda non a ascenderon a comisaria.

– É polo da estación de trens, non? Se me pillases, seguro que agora eras comisaria.

– Non había que pillar a ninguén. Estabas oficialmente morta. Eras unha terrorista suicida. O caso resolveuse, pero unha terrorista suicida campa menos que unha terrorista atada polas patas. A primeira terrorista suicida que usou o Exército de Liberación, tamén tiven mala sorte. Aínda que as túas amiguiñas xuren e perxuren que eles, de terroristas suicidas, nada.

– E teñen razón.

Marta Enqvist mira a Aurora Camillieri aos ollos. Son azuis escuro, coma o mar de Malta.

– Acabas de dicilo. A vida é dura para todo o mundo. Para unha guerreira do Exército de Liberación, tamén. Pero xa imaxinarás que unha non pode desertar así como así. Cando me encargaron poñer as mochilas naquel tren, case salto de ledicia. E non polo que ti estarás a pensar, senón porque por fin ía poder facer o que levaba tempo desexando. Escapar.

– Escapar –repite Marta Enqvist.

– Escapar duns e de outros. Escapar de min mesma. Escapar cara ás vidas que estaba vivindo noutros tempos, noutros lugares, e que a miña devoción ao Exército non me deixaba coñecer. A vida dunha soprano que canta a Donizetti nun lugar remoto do Mediterráneo, por exemplo.

– Entón, non foron as túas amigas do Exército as que te buscaron este escondite?

– Elas levarían a mesma sorpresa que levaches ti, inspectora.

Para sorpresa a que vas levar ti, pensa Marta Endqvist, e, por primeira vez desde que entrou no camerino, sorrí.

– É moi bonito todo o que me contaches de escapar e de vivir outras vidas e tal. Pero na práctica non funciona así. Sobre todo cando imos deixando contas pendentes doutras vidas. Escoita: entre *Spargi d'amaro pianto* e o final da ópera, deume tempo a facer unhas cantas chamadas. Eu non podo deterte, pero á porta do teatro está esperándote un señor que si que pode. A min tocaráme escoltarte. A ver se facemos unha cousa discretiña, que non creo que aos melómanos de Malta lles chiste moito ver á súa diva favorita perdendo a dignidade.

Aurora Camillieri sorrí tamén. Non semella sorprendida.

– Marta. Marta, Marta. Nunca acertei a entender que carallo facías na Policía Nacional Galega. Tes ti demasiada intelixencia e demasiada clase. Só nos temos visto, cantas veces? Dúas ou tres? Pero caleite desde o principio. E ti tamén a min. Atrévome a dicir que agora mesmo, antes de mandarme a apodrecer no cárcere, a ti tamén che apetece bicarme.

Marta Enqvist mira a Aurora Camillieri cos labios entreabertos. E, como se unha man misteriosa se lle posase na caluga, vai achegando a boca paseniño á boca carmesí de Aurora Camillieri. E aínda non conseguiu saber a que sabe aquela boca cando sente unha calor moi pesada no ventre. Baixa a ollada, case sen atreverse. E descubre unha pistola na man de Aurora Camillieri, a que leva sempre con ela, a que ocultou no traxe de noiva de *Lucía*.

Aurora Camillieri, antes Sofía Figueiroa, mantén abrazada a Marta Enqvist ata que deixa de respirar. Despois pousa o cadáver con delicadeza no sofá. Fóra hai alguén esperándoa. Pero non importa. O Teatro Aurora de Gozo está cheo de pasadizos secretos dos que a policía non ten nin idea. Escapar de alí vai ser un xogo de nenos. E despois, xa se verá. Disque en Dubái, os xeques andan construíndo teatros de ópera como tolos. E alí vai calor.

LETRA EN OBRAS

ALBA DAVID
PAYO EVA POBRA BRAIS
FROIZ MOREDA PALOMA ZAS PAULO
ALBERTORAQUEL CALVO MARTÍNEZ
RODRÍGUEZ BOO SAMUEL LEMA
DÍAZ ANDERSON IRIA PARIS
VIDAL BRAIS AMEIXEIRAS SANDRÉS
LAMELA MONICA CARRASCO
ELENACELIA ARMESTO XURXO
VEIGA PARRA FERNÁNDEZ MARTINEZ
RILO GONZÁLEZ